

**ACTA NÚM. 8/2020.**

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO DE BRIÓN O DÍA 21 DE OUTUBRO DE 2020.**

No salón de plenos da Casa do Concello de Brión, sendo as 13,00 horas do día 21 de outubro de 2020, reuníronse en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as de seguido relacionados, baixo a presidencia do Sr. Alcalde PABLO LAGO SANMARTÍN, co obxecto de celebrar sesión ordinaria correspondente ao día da data para a que foron previamente citados.

**ALCALDE:**

PABLO LAGO SANMARTÍN.(PSG-PSOE).

**CONCELLEIRAS/OS PRESENTES:**

**-. PSG-PSOE:**

CARLOS NOYA PEREIRA.  
JOSÉ LUIS SAMPEDRO BOUZAS.  
SANDY MARIE CEBRAL GÓMEZ.  
MARÍA GUARINA REY VÁZQUEZ.  
MARÍA ROSA ROMERO FARIÑA.  
MARÍA CARMEN TOUCEDA FREIRE.

**-. PP:**

MARÍA FARIÑA BELLÓN.  
NATALIA FARIÑA GARCÍA.  
WALDO CARBALLO GARCÍA.

**-. BNG:**

FRUCTUOSO SOUTO CASTIÑEIRA.  
XOSÉ LUIS PENAS CORRAL.

**Non asisten:**

YOLANDA BOUZAS ALFONSÍN.

Secretario: Javier Nieves González, secretario do Concello.

Asiste a interventora do Concello Ana Isabel Candame Areosa.

Co quórum establecido polas disposicións legais vixentes para a válida constitución do Pleno, polo Sr. Alcalde declarouse público e aberto o acto, adoptándose os seguintes acordos:

---

1º) APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR DO 18.09.2020.

2º) RELACIÓN DE DECRETOS DITADOS DESDE A ÚLTIMA SESIÓN ORDINARIA, DO 04.09.2020 AO 16.10.2020.

3º) DACIÓN DE CONTA DE DECRETO DA ALCALDÍA DE NOMEAMENTO DE TENENTES DE ALCALDE, MEMBROS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL E DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS DA ALCALDÍA NA XUNTA DE GOBERNO LOCAL.

4º) DACIÓN DE CONTA DE DECRETO DA ALCALDÍA DE DELEGACIÓNS XENÉRICAS DE SERVIZOS.

5º) DACIÓN DE CONTA DA NOVA DESIGNACIÓN DE COMPOÑENTES DAS COMISIÓNS INFORMATIVAS PERMANENTES DO CONCELLO POLO GRUPO MUNICIPAL DO PSG-PSOE.

6º) DACIÓN DE CONTA DE DECRETO DA ALCALDÍA DE DELEGACIÓN ESPECIAL PARA CELEBRACIÓN DE MATRIMONIOS CIVÍS.

7º) DACIÓN DE CONTA DA NOVA COMPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PSG-PSOE E DO NOMEAMENTO DE PORTAVOZ.

8º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE NOMEAMENTO DE NOVOS REPRESENTANTES DO CONCELLO EN ÓRGANOS COLEXIADOS.

9º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE DESIGNACIÓN DE NOVOS INTEGRANTES DA MESA DE CONTRATACIÓN PERMANENTE DO CONCELLO.

10º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA DE MODIFICACIÓN DO RÉXIME DE DEDICACIÓNS E ASISTENCIAS A ÓRGANOS COLEXIADOS.

11º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE FESTIVOS LOCAIS 2021.

12º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA SUBMINISTRACIÓN DE AUGA.

13º) DACIÓN DE CONTA DO DECRETO DE APROBACIÓN DAS LIÑAS FUNDAMENTAIS DO ORZAMENTO 2021.

14º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA DE CONSTITUCIÓN E APROBACIÓN DOS ESTATUTOS DA ASOCIACIÓN DE CONCELLOS DA RUTA ROSALIANA AS PEGADAS DE ROSALÍA.

15º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA DE MODIFICACIÓN DO ANEXO DE SUBVENCIÓNS NOMINATIVAS DO ORZAMENTO DE 2020.

16º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA DE EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS 13/2020.

17º) MOCIÓNS.

18º) ROGOS E PREGUNTAS.

### 1º) APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR DO 18.09.2020.

De conformidade co artigo 91 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das corporacións locais, preguntouse se algún membro do Pleno tiña que formular algunha observación ou reparo á acta da sesión anterior núm. 7/2020, do 18.09.2020.

Sometida a votación, o Pleno do Concello por unanimidade dos doce membros presentes acorda aprobala.

### 2º) RELACIÓN DE DECRETOS DITADOS DESDE A ÚLTIMA SESIÓN ORDINARIA, DO 04.09.2020 AO 16.10.2020.

Pola alcaldía, de conformidade co artigo 42 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais e art. 22.2. a) da Lei 7/85, do 2 de abril, deuse conta da relación de decretos que de seguido se transcriben en extracto:

Número decreto	Data sinatura	Asunto
00441/2020	07/09/2020	ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DE ASESORAMENTO XURÍDICO URBANÍSTICO DO CONCELLO.
00442/2020	08/09/2020	DECRETO AXUDA NO FOGAR BÁSICA AGOSTO.
00443/2020	08/09/2020	DECRETO AXUDA NO FOGAR DEPENDENCIA AGOSTO.
00444/2020	09/09/2020	APROBACIÓN DA AUTOLIQUIDACIÓN TRIBUTARIA REFERIDA AO MES DE AGOSTO. MODELO 111 IRPF.
00445/2020	09/09/2020	BAIXA SAF EXPTE. 04 EXTRAORDINARIO.

00446/2020	11/09/2020	APROBACIÓN DA CERTIFICACIÓN ÚNICA DAS OBRAS DO PROXECTO DE MELLORA DE CAMIÑOS MUNICIPAIS 2020-2021 NO CONCELLO DE BRIÓN E DA FACTURA DO CONTROL DE CALIDADE.
00447/2020	14/09/2020	DECRETO CONVOCATORIA SESIÓN ORDINARIA XGL 15/09/2020
00448/2020	14/09/2020	APROBACIÓN LIÑAS FUNDAMENTAIS ORZAMENTOS 2021.
00449/2020	14/09/2020	DECRETO DE ADXUDICACIÓN DE CONTRATO MENOR POLO SERVIZO DE ESPECTÁCULO PIROTÉCNICO FESTAS STA. MINIA 2020
00450/2020	14/09/2020	RECOÑECIMENTO DE TRIENIOS A FAVOR DO PESOAL MUNICIPAL. SETEMBRO 2020.
00451/2020	14/09/2020	DECRETO ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL SETEMBRO.
00452/2020	15/09/2020	CONVOCATORIA PLENO EXTRAORDINARIO 18.09.2020.
00453/2020	16/09/2020	ADXUDICACIÓN POR EMERXENCIA DO CONTRATO DE REFORZO NO SERVIZO DE LIMPEZA E DESINFECCIÓN POR MOTIVO DO COVID -19 NA EEI DE OS ÁNXELES.
00454/2020	16/09/2020	AUTORIZACIÓN DE XORNADA LABORAL FLEXIBLE PARA O PERSOAL DO DEPARTAMENTO DE SERVIZOS SOCIAIS COMUNITARIOS.
00455/2020	16/09/2020	BAIXA SAF EXPTE. 03 EXTRAORDINARIO.
00456/2020	16/09/2020	AUTORIZACIÓN DE XORNADA LABORAL FLEXIBLE SOLICITADA POR EMPREGADA PÚBLICA.
00457/2020	16/09/2020	CONTRATO ACTUACIÓNS REDE CULTURAL 2020.
00458/2020	16/09/2020	DECRETO MODIFICACIÓN DE CRÉDITO 06/2020.
00459/2020	17/09/2020	APROBACIÓN DE MODIFICACIÓN DO CONTRATO DE LIMPEZA DO CEIP DE PEDROUZOS POR MOR DE TRABALLOS POLO COVID-19.
00460/2020	17/09/2020	DECRETO DE ADXUDICACIÓN DO CONTRATO MENOR POLO SERVIZO DE COMEDOR ESCOLAR PARA ATENDER AS NECESIDADES DE ORGANIZACIÓN XURDIDAS POR COVID19.
00461/2020	17/09/2020	BAIXA SAF DEPENDENCIA EXPTE. 03/2018-D
00462/2020	18/09/2020	DECRETO DE ADXUDICACIÓN DO CONTRATO MENOR PARA A ELABORACIÓN DO PLAN DE ACCIÓN PARA O CLIMA E A ENERXÍA (PACES).
00463/2020	18/09/2020	APROBACIÓN DA CERTIFICACIÓN NÚM. 2 DO PROXECTO DE RENOVACIÓN DO ALUMEADO PÚBLICO E MELLORA DA EFICIENCIA ENERXÉTICA EN VARIAS ZONAS URBANAS DO CONCELLO.
00464/2020	21/09/2020	DISTRIBUCIÓN BANCO DE ALIMENTOS SETEMBRO 2020
00465/2020	22/09/2020	DECRETO MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS 07/2020.
00466/2020	22/09/2020	DECRETO MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS 08/2020.
00467/2020	22/09/2020	DECRETO MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS 09/2020.
00468/2020	22/09/2020	DECRETO MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS 10/2020.
00469/2020	23/09/2020	DECRETO DEVOLUCIÓN DE INGRESO INDEBIDO.
00470/2020	23/09/2020	PROCEDEMENTOS SANCIONADORES DE TRÁFICO.
00471/2020	23/09/2020	CANCELACIÓN TEMPORAL DE ACTIVIDADES MUNICIPAIS.
00472/2020	24/09/2020	RENOVACIÓN DO COMPROMISO DE PERMANENCIA NA REDE DE BIBLIOTECAS DE GALICIA.
00473/2020	25/09/2020	COTA MANCOMUNIDADE CONCELLOS SERRA DO BARBANZA (LB/08.20) - AGOSTO 2020.
00474/2020	25/09/2020	DECLARANDO DESERTA A LICITACIÓN DO SERVIZO DE CAFÉ BAR DO CENTRO SOCIAL.
00475/2020	25/09/2020	ALTA SAF DEPENDENCIA EXPTE. 24/2020-D, 25/2020-D E AMPLIACIÓN SAF DEPENDENCIA EXPTE. 23/2020-D.
00476/2020	28/09/2020	RESOLUCIÓN DE PRIMEIRAS ALEGACIÓNS ORDINARIO PROCEDEMENTO SANCIONADOR TRÁFICO.
00477/2020	28/09/2020	RELACIÓN DE FACTURAS F/2020/44.
00478/2020	28/09/2020	RELACIÓN DE FACTURAS F/2020/46 CONTRATO.

00479/2020	28/09/2020	RELACIÓN DE FACTURAS F/2020/47.
00480/2020	28/09/2020	APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE NÓMINA. SETEMBRO 2020.
00481/2020	29/09/2020	COMPOSICIÓN DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL, NOMEAMENTO DE TENENTES DE ALCALDE E DELEGACIÓNS DA ALCALDÍA NA XUNTA DE GOBERNO LOCAL.
00482/2020	29/09/2020	AUTORIZACIÓN A UNHA FUNCIONARIA DA ADAPTACIÓN DA XORNADA LABORAL.
00483/2020	29/09/2020	DELEGACIÓNS XENÉRICAS POR SERVICIOS.
00484/2020	29/09/2020	BAIXA RECIBO LIXO CON NUMERO FIXO 253000587571.
00485/2020	29/09/2020	BAIXA DO RECIBO DO LIXO CON NUMERO FIXO 253000462868.
00486/2020	30/09/2020	APROBACIÓN EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE DESEÑO, IMPLEMENTACIÓN, POSTA EN MARCHA, MANTEMENTO E HOSTING DA PÁXINA WEB MUNICIPAL DO CONCELLO.
00487/2020	30/09/2020	EXPEDIENTE SANCIONADOR DE MULTAS DE TRÁFICO.
00488/2020	30/09/2020	EXPEDIENTE SANCIONADOR DE MULTAS DE TRÁFICO.
00489/2020	30/09/2020	ALUGUER CAFETERIA CENTRO SOCIAL POLIVALENTE - SETEMBRO 2020.
00490/2020	30/09/2020	DECRETO MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS 11/2020.
00491/2020	30/09/2020	NON ADMISIÓN A TRÁMITE DE RECLAMACIÓN DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL.
00492/2020	01/10/2020	ALTAS PADRÓN DE HABITANTES MES DE SETEMBRO DE 2020.
00493/2020	01/10/2020	APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SUBMINISTRO DE COMBUSTIBLES POR LOTES.
00494/2020	01/10/2020	BAIXAS PADRÓN DE HABITANTES MES DE SETEMBRO DE 2020.
00495/2020	02/10/2020	PEL-REACTIVA: FONDO DE FINANCIAMENTO PARA A REACTIVACIÓN ECONÓMICA E SOCIAL DA PROVINCIA DA CORUÑA.
00496/2020	02/10/2020	ADSCRIPCIÓN DE PERSOAL AO PROXECTO DE MANTEMENTO E MELLORA DE BEIRARRÚAS NO CONCELLO DE BRIÓN: LAMIÑO-LIÑARES.
00497/2020	02/10/2020	RELACIÓN DE FACTURAS F/2020/48.
00498/2020	05/10/2020	APROBACIÓN DAS AUTOLIQUIDACIÓNS TRIBUTARIAS REFERIDAS AO MES DE SETEMBRO. MODELOS IRPF 111 E IVE 303.
00499/2020	06/10/2020	DECRETO ADXUDICACIÓN CONTRATO MENOR SUBMINISTRO PANEIS FOTOVOLTAICOS PARA O PAVILLÓN POLIDEPORTIVO MUNICIPAL.
00500/2020	06/10/2020	DECRETO CONVOCATORIA SESIÓN EXTRAORDINARIA X.G.L. DO 07.10.2020
00501/2020	06/10/2020	ACORDO DE ADHESIÓN AO PROGRAMA DE TELEASISTENCIA DOMICILIARIA DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA.
00502/2020	07/10/2020	APROBACIÓN EXPEDIENTE MC Nº 12/2020, TRANSFERENCIA DE CRÉDITOS Nº 2/2020 PARA COTA ASOCIACIÓN RUTA ROSALIANA.
00503/2020	07/10/2020	DECRETO DE APROBACIÓN INICIAL DO PADRÓN FISCAL CONXUNTO DAS TAXAS POLOS SERVICIOS DE SUBMINISTRACIÓN DE AUGA, SANEAMENTO, DEPURACIÓN DE AUGAS RESIDUAIS E CANON DA AUGA, CORRESPONDENTE AO 3º TRIMESTRE DE 2020.
00504/2020	08/10/2020	DECRETO ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL OUTUBRO.
00505/2020	08/10/2020	DELEGACIÓN DE CELEBRACIÓN DE MATRIMONIOS CIVÍS.
00506/2020	08/10/2020	ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DE SUBMINISTRO DE MATERIAIS PARA A EXECUCIÓN DA OBRA DO PROXECTO DE MANTEMENTO E MELLORA DE BEIRARRÚAS NO CONCELLO DE BRIÓN: LAMIÑO - LIÑARES.
00507/2020	09/10/2020	RELACIÓN DE FACTURAS F/2020/49 ENERXÍA ELÉCTRICA.
00508/2020	09/10/2020	DECRETO AXUDA NO FOGAR BÁSICA SETEMBRO.
00509/2020	09/10/2020	DECRETO AXUDA NO FOGAR DEPENDENCIA SETEMBRO.

00510/2020	13/10/2020	RELACIÓN DE FACTURAS F/2020/50.
00511/2020	14/10/2020	DECRETO DE APROBACIÓN DA CONTA XUSTIFICATIVA DO CONVENIO DE TRATAMENTOS PREVENTIVOS CONTRA INCENDIOS. ANUALIDADE 2020.
00512/2020	14/10/2020	CONVOCATORIA DA COMISIÓN ESPECIAL DE CONTAS PARA O DÍA 5 DE NOVEMBRO DE 2020.
00513/2020	14/10/2020	DECRETO CONVOCATORIA EXTRAORDINARIA XGL DO 15.10.2020.
00514/2020	15/10/2020	CONVOCATORIA COMISIÓN INFORMATIVA DE SERVIZOS.
00515/2020	15/10/2020	CONVOCATORIA COMISIÓN INFORMATIVA ESPECIAL DE CONTAS (PERMANENTE DE FACENDA).
00516/2020	15/10/2020	DECRETO DE ADXUDICACIÓN DO CONTRATO MENOR PARA IMPARTIR O CURSO BÁSICO DE BASE DE DATOS DA PLATAFORMA DE XESTIÓN DA POLICÍA LOCAL XESPOL.
00517/2020	15/10/2020	MODIFICACIÓN DO CONTRATO MENOR POLO SERVIZO DE COMEDOR ESCOLAR PARA ATENDER AS NECESIDADES DE ORGANIZACIÓN XURDIDAS POR MOTIVO DO COVID19.
00518/2020	16/10/2020	APROBACIÓN DA CERTIFICACIÓN DE OBRAS NÚM. 1 DA OBRA DE MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA NA TRAVESÍA DE BASTAVALIÑOS
005159/2020	16/10/2020	CONVOCATORIA PLENO DÍA 21.10.2020.

O Pleno queda enterado.

**3º) DACIÓN DE CONTA DE DECRETO DA ALCALDÍA DE NOMEAMENTO DE TENENTES DE ALCALDE, MEMBROS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL E DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS DA ALCALDÍA NA XUNTA DE GOBERNO LOCAL.**

Dada conta do decreto da alcaldía do 29.09.2020, que transcrito di:

Resultando que no Pleno do 18.09.2020 produciuse a miña toma de posesión como alcalde deste Concello.

Resultando necesario proceder á reorganización do goberno municipal para adaptar a composición dos distintos órganos á nova realidade xurdida como consecuencia da renuncia do anterior alcalde.

Considerando o establecido no art. 23 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e nos artigos 43, 46, e 52 do RD 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (en adiante ROF), ao abeiro das competencias desta alcaldía, resolvo:

**1º) Designar como membros da Xunta de Goberno Local aos seguintes concelleiros:**

- . Carlos Noya Pereira.
- . María Rosa Romero Fariña.
- . Sandy Marie Cebral Gómez.
- . José Luis Sampedro Bouzas.

**2º) Nomear tenentes de alcalde do Concello de Brión a:**

- . Primeiro: Carlos Noya Pereira.
- . Segundo: Sandy Marie Cebral Gómez.
- . Terceiro: María Rosa Romero Fariña.
- . Cuarto: José Luis Sampedro Bouzas.

Os tenentes de alcalde, pola orde do seu nomeamento, substituirán ao alcalde na totalidade das súas funcións nos casos de ausencia, enfermidade, vacante ou impedimento que o imposibilite para o exercicio das súas funcións, de conformidade co previsto nos artigos 46, 47 e 48 do ROF.

**3º) Delegar na Xunta de Goberno Local as seguintes competencias da alcaldía:**

- O outorgamento das licenzas e comunicacións previas, agás que as leis sectoriais o atribúan expresamente ao Pleno ou á Xunta de Goberno Local.
- As aprobacións dos instrumentos de planeamento de desenvolvemento do planeamento xeral non expresamente atribuídas ao Pleno, así como a dos instrumentos de xestión urbanística e dos proxectos de urbanización.
- A aprobación das liquidacións tributarias devengadas pola tramitación de licenzas e comunicacións previas.

Darase conta da presente resolución á Xunta de Goberno Local na primeira sesión que celebre con posterioridade a esta resolución para os efectos da aceptación das competencias delegadas.

**4º)** Notificar esta resolución aos concelleiros designados, publicala no BOP da Coruña e dar conta ao Pleno na primeira sesión que celebre.

O Pleno queda enterado.

**4º) DACIÓN DE CONTA DE DECRETO DA ALCALDÍA DE DELEGACIÓNS XENÉRICAS DE SERVIZOS.**

Dada conta do decreto da alcaldía do 29.09.2020, que transcrito di:

Resultando que no Pleno do 18.09.2020 produciuse a miña toma de posesión como alcalde deste Concello.

Resultando necesario proceder á reorganización do goberno municipal para adaptar a composición dos distintos órganos á nova realidade xurdida como consecuencia da renuncia do anterior alcalde.

Considerando que, de acordo co previsto no art. 21.3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (en adiante LBRL) “o alcalde pode delegar o exercicio das súas atribucións (...)” e que consonte ao art. 23.4 da LBRL “o alcalde pode delegar o exercicio de determinadas atribucións nos membros da Xunta de Goberno Local e, onde esta non exista, nos tenentes de alcalde, sen prexuízo das delegacións especiais que, para cometidos específicos, poida realizar en favor de calquera concelleiro, aínda que non pertenceran a aquela”.

Considerando o disposto nos artigos 43 e 44 e na Disposición Adicional 4ª do RD 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF), ao abeiro das competencias desta alcaldía, resolvo:

**1º)** Conferir delegacións xenéricas de servizos nas persoas que se indican, que comprenderá a dirección interna e a xestión dos servizos correspondentes, sen a facultade de ditar actos administrativos que afecten a terceiros:

1. Política Social, Servizos Sociais, Igualdade e Maiores: María Rosa Romero Fariña.
2. Medio Rural e Obras Públicas: Carlos Noya Pereira.
3. Seguridade Cidadá, Policía Municipal, Protección Civil, Alumeado, Auga, Sinalización e Festas: José Luis Sampetro Bouzas.
4. Turismo e Patrimonio: Yolanda Bouzas Alfonsín.
5. Biblioteca, Cultura, Deportes, Actividades Extraescolares e Música: Sandy Marie Cebra Gómez.
6. Novas Tecnoloxías, Promoción Económica, Emprego, e Asociación Terras de Compostela: María Guarina Rey Vázquez.

7. Recollida de Lixo, Limpeza Pública, Relacións entre Concellerías e Mobilidade: María Carmen Touceda Freire.

**2º)** Notificar esta resolución aos concelleiros designados, entendéndose tacitamente aceptadas as delegacións agás manifestación expresa en contrario no prazo de tres días hábiles.

**3º)** Dispor a publicación desta resolución no BOP da Coruña e dar conta ao Pleno na primeira sesión que celebre.

O Pleno queda enterado.

**5º) DACIÓN DE CONTA DA NOVA DESIGNACIÓN DE COMPOÑENTES DAS COMISIÓN INFORMATIVAS PERMANENTES DO CONCELLO POLO GRUPO MUNICIPAL DO PSG-PSOE.**

Dada conta do escrito do 29.09.2020, asinado polo portavoz do grupo municipal do PSG-PSOE, que transcrito di:

Resultando que no Pleno do 18.09.2020 produciuse a toma de posesión como novo alcalde deste Concello.

Resultando necesario proceder á reorganización do goberno municipal para adaptar a composición dos distintos órganos á nova realidade xurdida como consecuencia da renuncia do anterior alcalde.

O grupo municipal do PSG-PSOE designa como compoñentes das Comisións Informativas Permanentes, baixo a presidencia da alcaldía do Concello, aos seguintes concelleiros/as:

**1-. Comisión Informativa Especial de Contas.**

Presidente: Pablo Lago Sanmartín, alcalde.

Membros titulares: José Luis Sampredo Bouzas, María Carmen Touceda Freire, e María Guarina Rey Vázquez.

Membros suplentes: Sandy Marie Cebral Gómez e Carlos Noya Pereira.

**2-. Comisión Informativa de Servizos.**

Presidente: Pablo Lago Sanmartín, alcalde.

Membros titulares: José Luis Sampredo Bouzas, María Guarina Rey Vázquez e Carlos Noya Pereira.

Membros suplentes: Sandy Marie Cebral Gómez e María Carmen Touceda Freire.

Destas designacións darase conta ao Pleno na primeira sesión que celebre.

O Pleno queda enterado.

**6º) DACIÓN DE CONTA DE DECRETO DA ALCALDÍA DE DELEGACIÓN ESPECIAL PARA CELEBRACIÓN DE MATRIMONIOS CIVÍS.**

Dada conta do decreto da alcaldía do 08.10.2020, que transcrito di:

O Código Civil dispón no seu artigo 51 que será competente para celebrar o matrimonio civil o Xuíz de Paz ou o Alcalde do municipio onde se celebre o matrimonio ou concelleiro en quen este delegue.

De conformidade co disposto no artigo 51 do Código Civil, en concordancia co artigo 43 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, resolvo:

**1º)** Conceder delegación especial á tenente de alcalde María Rosa Romero Fariña para que, no exercicio da competencia prevista no artigo 51 do Código Civil, autorice, na forma que o propio Código establece, os matrimonios civís que se celebren neste concello.

2º) O presente decreto producirá efecto a partir do 8 de outubro de 2020, sen prexuízo da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, debendo darse conta ao Pleno na primeira sesión que celebre.

3º) Notificar este decreto á interesada para o seu coñecemento e efectos.

O Pleno queda enterado.

**7º) DACIÓN DE CONTA DA NOVA COMPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PSG-PSOE E DO NOMEAMENTO DE PORTAVOZ.**

Dada conta do escrito do 29.09.2020, asinado polos concelleiros e concelleiras do Concello de Brión, pertencentes ao grupo municipal do PSG-PSOE, no que EXPOÑEN:

Que como consecuencia dos cambios producidos no grupo municipal pola renuncia do anterior alcalde, facemos a seguinte designación de voceiro de grupo:

VOCEIRO TITULAR: PABLO LAGO SANMARTIN.  
 VOCEIRA SUPLENTE: SANDY MARIE CEBRAL GÓMEZ.

O Pleno queda enterado.

**8º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE NOMEAMENTO DE NOVOS REPRESENTANTES DO CONCELLO EN ÓRGANOS COLEXIADOS.**

Dada conta da proposta da alcaldía do 29.09.2020, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Servizos en sesión do 20.10.2020, que transcrita di:

Resultando que no Pleno do 18.09.2020 produciuse a miña toma de posesión como alcalde deste Concello.

Resultando necesario proceder á reorganización da designación dos representantes do Concello nos distintos órganos para adecuala á nova realidade xurdida como consecuencia da renuncia do anterior alcalde.

Por esta alcaldía proponse:

1º) Nomear aos novos representantes, quedando a resto da composición dos órganos tal e como se atopa actualmente:

1. MANCOMUNIDADE DE CONCELLOS SERRA DO BARBANZA.

1.1. Asamblea:

- Pablo Lago Sanmartín, alcalde do Concello.

1.2. Xunta da Mancomunidade:

- Pablo Lago Sanmartín, alcalde do Concello.

2. MANCOMUNIDADE DE SANTIAGO:

- Pablo Lago Sanmartín, alcalde do Concello.

3. CONSORCIO GALEGO DE SERVIZOS DE IGUALDADE E BENESTAR:

Titular: Pablo Lago Sanmartín, alcalde do Concello.

Suplente: María Rosa Romero Fariña.

4. GDR 19 ASOCIACIÓN TERRAS DE COMPOSTELA:

Titular: Pablo Lago Sanmartín, alcalde do Concello.

Suplente: María Guarina Rey Vázquez.

2º) Dar conta deste acordo ás administracións e entidades de cuxos órganos colexiados forma parte o Concello.

Debate: Non se produciu.



Votación e resultado:

Sometida a votación a proposta ditaminada, dáse o seguinte resultado:

Votos a favor: 12, pertencentes aos grupos municipais do PSG-PSOE (7), PP (3) e BNG (2).

Votos en contra: 0.

Abstencións: 0.

Queda aprobada a proposta ditaminada nos seus propios termos.

**9º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE DESIGNACIÓN DE NOVOS INTEGRANTES DA MESA DE CONTRATACIÓN PERMANENTE DO CONCELLO.**

Dada conta da proposta da alcaldía do 29.09.2020, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Servizos en sesión do 20.10.2020, que transcrita di:

No artigo 326 e na Disposición Adicional 2ª da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, se regulan as Mesas de Contratación como órganos de asistencia aos órganos de contratación.

Resultando que para dar de alta ao Concello na Plataforma de Contratación do Sector Público do Estado, onde se integra o Perfil de Contratante do Concello, resultou necesario que o Concello dispuxera dun órgano de asistencia.

Resultando que o Pleno con data 18.04.2018 acordou constituír con carácter permanente a Mesa de Contratación permanente para os contratos de obras.

Resultando que o Pleno do Concello con data 16.10.2019 acordou constituír a nova Mesa de Contratación permanente do Concello, que asistirá aos órganos de contratación para a adjudicación de contratos nos procedementos aberto, aberto simplificado, aberto simplifícadísimo do artigo 159.6, ou procedementos negociados á que se refire a Lei 9/2017, do 8 de novembro e designar como integrantes da Mesa de Contratación ás persoas que a continuación se relacionan:

Presidente: Titular: O alcalde José Luis García García.

Suplente: Pablo Lago Sanmartín, 1º tenente de alcalde.

Vogais:

- . Javier Nieves González, secretario do Concello ou funcionario que legalmente o substitúa.
- . Patricia Coence Antelo, interventora do Concello ou funcionario que legalmente a substitúa.
- . Dolores Torrado Ares, técnica interina de secretaría.

Secretario:

Titular: Berta Rey Nieto, funcionaria auxiliar administrativa do Concello.

Suplente: Julio Mallo Nieto, informático municipal.

Resultando que no Pleno do 18.09.2020 produciuse a miña toma de posesión como alcalde deste Concello.

Resultando necesario proceder á adaptar a composición deste órgano á nova realidade xurdida como consecuencia da renuncia do anterior alcalde, propónse a adopción do seguinte acordo:

**1º)** Designar como novos integrantes da Mesa de Contratación permanente do Concello ás persoas que a continuación se relacionan:

Presidente: Titular: O alcalde Pablo Lago Sanmartín.

Suplente: Carlos Noya Pereira, 1º tenente de alcalde.

Vogais:

- . Javier Nieves González, secretario do Concello ou funcionario/a que legalmente o substitúa.
- . Ana Isabel Candame Areosa, interventora do Concello ou funcionario/a que legalmente a substitúa.
- . Dolores Torrado Ares, técnica interina de secretaría.

Secretario/a Titular: Julio Mallo Nieto, informático municipal.

Suplente: Berta Rey Nieto, funcionaria auxiliar administrativa do Concello.

**2º)** Publicar a composición da nova Mesa Permanente no perfil do contratante do Concello integrado na Plataforma de Contratación do Sector Público, de conformidade co artigo 326.3 e Disposición Adicional 2ª, apartado 7 da Lei 9/2017.

Debate:

O Sr. Concelleiro Penas Corral sinala que pediríamos poder asistir, sen voz nin voto, en calidade de convidados, nos gustaría ter esa posibilidade de asistir.

O Sr. Alcalde sinala que é unha mesa meramente técnica, estamos todas as mañás abrindo propostas, sería moi dificultoso para nós e para vós, pasamos mañás enteiras, non creo que esta sexa a medida.

Votación e resultado:

Sometida a votación a proposta ditaminada, dáse o seguinte resultado:

Votos a favor: 12, pertencentes aos grupos municipais do PSG-PSOE (7), PP (3) e BNG (2).

Votos en contra: 0.

Abstencións: 0.

Queda aprobada a proposta ditaminada nos seus propios termos.

**10º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA DE MODIFICACIÓN DO RÉXIME DE DEDICACIÓNS E ASISTENCIAS A ÓRGANOS COLEXIADOS.**

Dada conta da proposta da alcaldía do 30.09.2020, con emenda de adición do 16.10.2020, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa Especial de Contas (Permanente de Facenda) en sesión do 20.10.2020, que transcritas din:

Proposta do 30.09.2020:

O Pleno do Concello con data 27.06.2019 aprobou o réxime de dedicacións e asistencias a órganos colexiados que se atopa actualmente vixente.

Considerando esta alcaldía necesario establecer unha dedicación exclusiva para o cargo de alcalde que se xustifica polo volume de servizos, actividades e expedientes de diversa natureza deste Concello que fan necesario, para o seu axeitado seguimento e atención específica, que este cargo teña dedicación exclusiva, pola responsabilidade que implica e a dedicación de tempo necesaria.

Os artigos 75.4 e 75.5 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local establecen que os membros das corporacións locais poden percibir retribucións polo exercicio do seu cargo, tanto en réxime de dedicación exclusiva como parcial, así como, no caso de que non se perciban retribucións por dedicación exclusiva nin parcial, asistencias pola concorrencia efectiva ás sesións dos órganos colexiados da corporación, na contía sinalada polo propio Pleno. Correspóndelle, así mesmo, o réxime de desenvolvemento das normas de aplicación xeral nas Administracións Públicas no que se refire ás indemnizacións polos gastos efectivos ocasionados no exercicio do seu cargo.

Visto o artigo 13 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado polo Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro (en adiante ROF), que tras reiterar o anterior, indica que o Pleno corporativo, a proposta do presidente, determinará, dentro da consignación global contida no orzamento, a relación de cargos da Corporación que poderán desempeñarse en réxime de dedicación exclusiva e, polo tanto, con dereito a retribución, así como as contías que correspondan a cada un deles en atención ao seu grao de responsabilidade.

Polo demais, o citado artigo 75.5 da LBRL preceptúa que os acordos plenarios referentes as retribucións dos cargos con dedicación exclusiva ou parcial, así como o réxime de indemnizacións e asistencias deberán publicarse integramente no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de edictos do Concello.

Visto o artigo 18 do Real Decreto - Lei 2/2020, de 21 de xaneiro de 2020, polo que se aproban medidas urxentes en materia de retribucións no ámbito do sector público, onde figura o réxime retributivo dos membros das corporacións locais.

No exercicio da atribución conferida polo artigo 21.1 a. da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, propónse ao Pleno o seguinte acordo:

1º) Establecer o réxime de dedicación exclusiva, con efectos desde o día de aprobación desta proposta, para o seguinte cargo:

1.1. Alcaldía: Importe bruto anual (14 mensualidades): 45.000,00 euros. As retribucións percibiranse en catorce pagas, doce correspondentes ás diferentes mensualidades do ano e as dúas restantes correspondentes ás mensualidades de xuño e decembro. Este réxime de dedicación exclusiva implica eliminar a dedicación parcial establecida anteriormente para o cargo de Concelleiro/a responsable das áreas de Urbanismo, Mantemento e Control de Servizos Básicos. Réxime Interior e Persoal.

2º) Modificar o importe por asistencia ás sesións da Xunta de Goberno que queda establecido en: 125,00 € por cada asistencia efectiva.

3º) Aprobar inicialmente a modificación da base de execución do orzamento número 68, para adaptala ao novo réxime retributivo acordado, engadindo o novo réxime de dedicación exclusiva, a eliminación da dedicación parcial referenciada, e a modificación das asistencias á Xunta de Goberno Local que queda establecida en 125,00 euros. Así mesmo se modifica o denominación do réxime de dedicacións parciais establecido pola nova denominación das áreas de goberno establecidas por esta alcaldía, pasando a denominarse:

1. Concelleiro/a responsable das áreas de Medio Rural. Limpeza Pública e Obras Públicas, pasa a denominarse Concelleiro/a responsable das áreas de Medio Rural e Obras Públicas.
2. Concelleiro/a responsable das áreas de Biblioteca, Turismo e Patrimonio, pasa a denominarse Concelleiro/a responsable das áreas de Turismo e Patrimonio.
3. Concelleiro/a responsable das áreas de Cultura, Deportes, Actividades Extraescolares e Música pasa a denominarse Concelleiro/a responsable das áreas de Biblioteca, Cultura, Deportes, Actividades Extraescolares e Música.

4º) Expoñer ao público polo prazo de quince días hábiles o expediente de modificación da base de execución do orzamento número 68, mediante anuncio no BOP e no taboleiro de anuncios do Concello, para os efectos de presentación de reclamacións polos interesados. No caso de que non se presenten reclamacións elevarase a definitivo o acordo, debendo publicarse no BOP e no taboleiro de anuncios do Concello o réxime de dedicación e asistencias aprobado para xeral coñecemento.

E dada conta da emenda de adición do 16.10.2020, que transcrita di:

Considerando necesario esta alcaldía incrementar as retribucións da dedicación parcial existente na actualidade da Concelleiro/a responsable das áreas de Biblioteca, Cultura, Deportes, Actividades Extraescolares e Música, pola asunción de novas competencias e dedicación da mesma á xestión de asuntos desta concellería, se emenda a proposta desta alcaldía do 30.09.2020 no senso de engadir un novo apartado dispositivo núm. 2º) co seguinte contido:

2º) Aprobar o seguinte réxime retributivo do cargo de Concelleiro/a responsable das áreas de Biblioteca, Cultura, Deportes, Actividades Extraescolares e Música, con efectos desde o día de aprobación desta proposta:

- Importe bruto anual (14 mensualidades): 14.000 euros. Importe bruto mensual: 1.000 euros. Grao de responsabilidade: Dedicación parcial (25 horas semanais).

Debate:

O Sr. Concelleiro Penas Corral sinala que desde o grupo do BNG non imos facer demagogia polo tema dos soldos, hai que poñer en valor o traballo que se fai con eses cartos,

responsabilidade e traballo que hai que levar a cabo xustifican os salarios, e a nós correspóndenos facer a fiscalización política da actuación do alcalde.

A Srª Concelleira Fariña Bellón sinala que nada que obxectar.

Votación e resultado:

Sometida a votación a proposta ditaminada, dáse o seguinte resultado:

Votos a favor: 10, pertencentes aos grupos municipais do PSG-PSOE (7) e PP (3).

Votos en contra: 0.

Abstencións: 2, pertencentes ao grupo municipal do BNG (2).

Queda aprobada a proposta ditaminada nos seguintes termos:

**1º)** Establecer o réxime de dedicación exclusiva, con efectos desde o día de aprobación desta proposta, para o seguinte cargo:

**1.1.** Alcaldía: Importe bruto anual (14 mensualidades): 45.000,00 euros. As retribucións percibiranse en catorce pagas, doce correspondentes ás diferentes mensualidades do ano e as dúas restantes correspondentes ás mensualidades de xuño e decembro. Este réxime de dedicación exclusiva implica eliminar a dedicación parcial establecida anteriormente para o cargo de Concelleiro/a responsable das áreas de Urbanismo, Mantemento e Control de Servizos Básicos. Réxime Interior e Persoal.

**2º)** Aprobar o seguinte réxime retributivo do cargo de Concelleiro/a responsable das áreas de Biblioteca, Cultura, Deportes, Actividades Extraescolares e Música, con efectos desde o día de aprobación desta proposta:

- Importe bruto anual (14 mensualidades): 14.000 euros. Importe bruto mensual: 1.000 euros. Grao de responsabilidade: Dedicación parcial (25 horas semanais).

**3º)** Modificar o importe por asistencia ás sesións da Xunta de Goberno que queda establecido en: 125,00 € por cada asistencia efectiva.

**4º)** Aprobar inicialmente a modificación da base de execución do orzamento número 68, para adaptala ao novo réxime retributivo acordado, engadindo o novo réxime de dedicación exclusiva, a eliminación da dedicación parcial referenciada, e a modificación das asistencias á Xunta de Goberno Local que queda establecida en 125,00 euros. Así mesmo se modifica o denominación do réxime de dedicacións parciais establecido pola nova denominación das áreas de goberno establecidas por esta alcaldía, pasando a denominarse:

1. Concelleiro/a responsable das áreas de Medio Rural. Limpeza Pública e Obras Públicas, pasa a denominarse Concelleiro/a responsable das áreas de Medio Rural e Obras Públicas.

2. Concelleiro/a responsable das áreas de Biblioteca, Turismo e Patrimonio, pasa a denominarse Concelleiro/a responsable das áreas de Turismo e Patrimonio.

3. Concelleiro/a responsable das áreas de Cultura, Deportes, Actividades Extraescolares e Música pasa a denominarse Concelleiro/a responsable das áreas de Biblioteca, Cultura, Deportes, Actividades Extraescolares e Música.

**5º)** Expoñer ao público polo prazo de quince días hábiles o expediente de modificación da base de execución do orzamento número 68, mediante anuncio no BOP e no taboleiro de anuncios do Concello, para os efectos de presentación de reclamacións polos interesados. No caso de que non se presenten reclamacións elevarase a definitivo o acordo, debendo publicarse no BOP e no taboleiro de anuncios do Concello o réxime de dedicación e asistencias aprobado para xeral coñecemento.

**11º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE FESTIVOS LOCAIS 2021.**

Dada conta da proposta da alcaldía do 25.09.2020, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Servizos en sesión do 20.10.2020, que transcrita di:

Visto o calendario laboral para o ano 2021 da Comunidade Autónoma de Galicia, propoño ao Pleno do Concello a adopción do seguinte acordo:

**1º)** Propoñer como festivos locais deste Concello para 2021 as seguintes datas:

- O xoves 13 de maio de 2021 ( Festa da Ascensión ) e o luns 27 de setembro de 2021 ( Santa Minia).

Debate: Non se produciu.

Votación e resultado:

Sometida a votación a proposta ditaminada, dáse o seguinte resultado:

Votos a favor: 12, pertencentes aos grupos municipais do PSG-PSOE (7), PP (3) e BNG (2).

Votos en contra: 0.

Abstencións: 0.

Queda aprobada a proposta ditaminada nos seus propios termos.

**12º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA SUBMINISTRACIÓN DE AUGA.**

Dada conta da proposta da alcaldía do 22.09.2020, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa Especial de Contas (Permanente de Facenda) en sesión do 20.10.2020, que transcrita di:

Co obxecto de proceder á modificación da taxa pola subministración de auga, e tendo en conta que o artigo 16 e seguintes do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais establecen esta posibilidade, tramitouse o expediente para levar a cabo a devandita modificación.

O motivo que xustifica esta proposta é a necesidade de actualizar as tarifas existentes en función do I.P.C., de agosto de 2019 a agosto de 2020, que é do -0,50 %, por ser as datas de referencia da actualización desta taxa, tratando de conseguir o autofinanciamento do servizo.

Visto o informe de secretaría, propoño ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

**1º)** Aprobar provisionalmente a modificación da vixente ordenanza fiscal núm. 12 T reguladora da taxa pola subministración de auga, publicada no BOP da Coruña núm. 66, do 23.03.2009, modificada por acordos publicados nos BOP do 13.12.2010, 22.12.2011, 10.12.2012, 09.12.2013, 05.12.2014, 14.12.2015, 15.12.2016, 14.12.2017, 12.12.2018 e 11.12.2019.

**2º)** Modificar o texto da ordenanza nos seguintes termos:

- Se modifican os epígrafes 1 ao 6 do art. 6: Cota Tributaria, que pasan a ter a seguinte redacción:

**Epígrafe 1. Aboados da rede municipal xeral**

Tarifa	Concepto	Tarifa
1.1	Mínimo de 10 m <sup>3</sup> , por abonado e mes	0,597 €/ m <sup>3</sup>
1.2	De máis de 10 m <sup>3</sup> e ata 15 m <sup>3</sup> , por abonado e mes	0,779 €/ m <sup>3</sup>
1.3	Máis de 15 m <sup>3</sup> por abonado e mes	1,166 €/ m <sup>3</sup>

**Epígrafe 2. Aboados da rede de Luaña**

Tarifa	Concepto	Tarifa
2.1	Mínimo de 10 m <sup>3</sup> , por abonado e mes	0,439 €/ m <sup>3</sup>
2.2	De máis de 10 m <sup>3</sup> e ata 15 m <sup>3</sup> , por abonado e mes	0,482 €/ m <sup>3</sup>
2.3	Máis de 15 m <sup>3</sup> por abonado e mes	0,582 €/ m <sup>3</sup>

### Epígrafe 3. Acometidas

Os prezos varían dependendo do diámetro da acometida e do tipo de reposición a realizar na gabiá:

**Prezos para a acometida normal de 1 a 5 m.**

Ø Acometida	Terra (A)	Asfalto (B)	Baldosa-acera (C)
¾"	204,61	263,50	315,62
1"	220,53	278,30	327,47
1 ¼ "-1 ½"	265,30	323,66	372,88
2 "	315,70	372,86	422,67

**Prezos para a acometida de máis de 5 m.**

	¾"	1"	1 ¼ "-1 ½"	2 "
(A) incremento € por m	9,49	11,12	15,90	26,71
(B) incremento € por m	20,94	22,63	27,33	38,03
(C) incremento € por m	25,22	26,17	31,54	42,29

### Epígrafe 4. Contadores

**Instalación de contador de 13/15/20 mm. en batería de contadores ou similar**

Características	Tarifa
Contador de 13/15 mm. , válvula antirretorno e pezas de conexión	83,84 €/ud.
Contador de 20 mm., válvula antirretorno e pezas de conexión	106,25 €/ud.

**Instalación de arqueta no chan**

Características	Tarifa
Arqueta de 40 x 40, contador de 13/15 mm. , válvula antirretorno e pezas de conexión.	186,78 €/ud.

**Contador de diámetro superior a 20 mm.**

Características
Según orzamento para cada caso

**Contadores ( sen colocación )**

Ø	Tarifa
Ø 13 mm	57,54 € /ud.
Ø 15 mm	57,54 € /ud.
Ø 20 mm	79,93 € /ud.
Ø 25 mm	130,23 € /ud.

Ø 30 mm	182,04 € /ud.
Ø 40 mm	282,23 € /ud.
Ø50 mm	616,62 € /ud.
Ø 65 mm	764,41 € /ud.

#### **Epígrafe 5. Xestión de cobro a impagados**

Cobro aos abonados morosos dos gastos ocasionados pola comunicación dos recibos pendentes de pago

	Tarifa
Cota	4,33 € / ud.

#### **Epígrafe 6. Desprecintado do contador/Comprobación e precintado de contador no instalado polo servizo/Comprobación de contador de abonado con contador patrón**

Esta cota é a que se refire ao reestablecemento do subministro

	Tarifa
Cota	29,18 € / ud.

Todos os prezos anteriores veranse gravados co IVE correspondente.

A presente modificación entrará en vigor unha vez publicada definitivamente no Boletín Oficial da Provincia e de conformidade co artigo 107 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, comezará a aplicarse a partir do día 1 de xaneiro de 2021, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

**3º)** Que se expoña ao público o expediente polo prazo de trinta días hábiles mediante anuncios no taboleiro de edictos do Concello e no BOP, prazo que comezará a contar desde o día seguinte ao da publicación do anuncio no BOP, dentro dos cales os interesados poderán examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas. No caso de que non se presenten reclamacións entenderase definitivamente adoptado o acordo, ata entón provisional, sen necesidade de acordo plenario, debendo facerse publicación íntegra do texto da modificación aprobada no BOP para a súa entrada en vigor, consonte co disposto no art. 17 do RDL 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

Debate: Non se produciu.

Votación e resultado:

Sometida a votación a proposta ditaminada, dáse o seguinte resultado:

Votos a favor: 12, pertencentes aos grupos municipais do PSG-PSOE (7), PP (3) e BNG (2).

Votos en contra: 0.

Abstencións: 0.

Queda aprobada a proposta ditaminada nos seus propios termos.

#### **13º) DACIÓN DE CONTA DO DECRETO DE APROBACIÓN DAS LIÑAS FUNDAMENTAIS DO ORZAMENTO 2021.**

Dada conta do decreto da alcaldía do 14.09.2020, sobre liñas fundamentais do orzamento 2021, que transcrito di:

A Orde HAP/2105/2012, de 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigacións de subministración de información previstas na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, establece no seu artigo 15 a obrigación de remitir información sobre as liñas fundamentais dos Orzamentos para o exercicio

seguinte, recollidas no artigo 27.2 da Lei Orgánica 2/2012, contendo toda a información necesaria conforme á normativa europea.

A remisión, conforme ao artigo 5 da Orde HAP/2105/2012, debe efectuarse por medios electrónicos e mediante firma electrónica a través do sistema que o Ministerio de Facenda e Administracións Públicas (MINHAP) habilite ao efecto.

Por todo o exposto e en uso das competencias establecidas no artigo 21.1s) da Lei 7/1985 de 2 de abril Reguladora de Bases de Réxime Local RESOLVO:

**Primeiro:** Aprobar as liñas fundamentais do orzamento para 2021 en cumprimento da Orde HAP/2105/2012, de 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigacións de subministración de información previstas na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira:

INGRESOS	Ano 2020 (Estimación dos dereitos recoñecidos netos)	Taxa de variación 2021/2020	Ano 2021 (Estimación das previsións iniciais)
<b>Ingresos Correntes</b>	5.358.952,91	2,13%	5.473.098,61
- Derivados da evolución tendencial (non afectados por modificacións políticas)	5.358.952,91	2,13%	5.473.098,61
- Derivados de modificacións políticas (*)	0,00	0,00%	0,00
Medida 1: Subidas tributarias, supresión de exencións e bonificacións voluntarias	0,00	0,00%	0,00
Medida 2: Potenciar a inspección tributaria para descubrir feitos imponibles non gravados	0,00	0,00%	0,00
Medida 3: Correcta financiación de taxas e prezos públicos	0,00	0,00%	0,00
Medida 4: Outras medidas polo lado dos ingresos	0,00	0,00%	0,00
<b>Ingresos de Capital</b>	537.575,11	2,00%	548.326,61
- Derivados de evolución tendencial (non afectados por modificacións políticas)	537.575,11	2,00%	548.326,61
- Derivados de modificacións políticas (*)	0,00	0,00%	0,00
<b>Ingresos no financeiros</b>	5.896.528,02	2,13%	6.021.425,22
- Derivados da evolución tendencial (non afectados por modificacións políticas)	5.896.528,02	2,13%	6.021.425,22
- Derivados de modificacións políticas (*)	0,00	0,00%	0,00
<b>Ingresos financeiros</b>	1.903,55	0,00%	1.903,55
- Derivados da evolución tendencial (non afectados por modificacións políticas)	1.903,55	0,00%	1.903,55
- Derivados de modificacións políticas (*)	0,00	0,00%	0,00
<b>Ingresos totales</b>	5.898.431,57	2,13%	6.023.328,77
- Derivados da evolución tendencial (non afectados por modificacións políticas)	5.898.431,57	2,13%	6.023.328,77
- Derivados de modificacións políticas (*)	0,00	0,00%	0,00

A) DETALLE DOS INGRESOS CORRENTES	Ano 2020 (Estimación dos dereitos recoñecidos netos)	Taxa de variación 2021/2020	Ano 2021 (Estimación das previsións iniciais)
<b>Capítulo 1 e 2: Impostos directos e indirectos</b>	1.857.033,37	2,13%	1.896.588,19
Imposto sobre Bens Inmóveis	1.411.596,07	2,13%	1.441.663,07
Imposto sobre Actividades Económicas	55.711,00	2,13%	56.897,64
Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica	270.634,76	2,13%	276.399,28
Imposto sobre Incremento do Valor dos Terreos de Natureza Urbana	54.132,52	2,13%	55.285,54
Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras	64.959,03	2,13%	66.342,66
Cesión de impostos do Estado	0,00	0,00%	0,00
Ingresos do capítulo 1 e 2 non incluídos	0,00	0,00%	0,00
<b>Capítulo 3: Taxas, prezos públicos e outros ingresos</b>	1.175.268,25	2,13%	1.200.301,46
<b>Capítulo 4: Transferencias Correntes</b>	2.323.630,78	2,13%	2.373.124,12
Participación nos Tributos do Estado	1.241.399,75	2,13%	1.267.841,56
Resto de Transferencias Correntes (resto Capítulo 4)	1.082.231,03	2,13%	1.105.282,56
<b>Capítulo 5: Ingresos Patrimoniais</b>	3.020,51	2,13%	3.084,84
<b>TOTAL DE INGRESOS CORRENTES</b>	5.358.952,91	2,13%	5.473.098,61



B) DETALLE DE INGRESOS DE CAPITAL	Ano 2020 (Estimación dos dereitos recoñecidos netos)	Taxa de variación 2021/2020	Ano 2021 (Estimación das previsións iniciais)
Capítulo 6: Alleamento de investimentos	0,00	0,00%	0,00
Capítulo 7: Transferencias de Capital	537.575,11	2,00%	548.326,61
<b>TOTAL DE INGRESOS DE CAPITAL</b>	<b>537.575,11</b>	<b>2,00%</b>	<b>548.326,61</b>

C) DETALLE DE INGRESOS FINANCIEROS	Ano 2018	Taxa de variación 2021/2020	Ano 2021 (Estimación das previsións iniciais)
Capítulo 8: Ingresos por Activos Financeiros	1.903,55	0,00%	1.903,55
Capítulo 9: Ingresos por Pasivos Financeiros	0,00	0,00%	0,00
<b>TOTAL DE INGRESOS FINANCIEROS</b>	<b>1.903,55</b>	<b>0,00%</b>	<b>1.903,55</b>

GASTOS	Ano 2020 (Estimación das obrigas recoñecidas netas)	Taxa de variación 2021/2020	Ano 2021 (Estimación dos créditos iniciais)
<b>Gastos Correntes</b>	<b>5.089.083,17</b>	<b>2,13%</b>	<b>5.197.480,64</b>
- Derivados da evolución tendencial (non afectados por modificacións políticas)	5.089.083,17	2,13%	5.197.480,64
- Derivados de modificacións políticas (*)	0,00	0,00%	0,00
Medida 1: Redución de costes de persoal			
Medida 2: Regulación do réxime laboral e retributivo [...].			
Medida 3: Limitación de salarios nos contratos mercantiles ou de alta dirección			
Medida 4: Redución do número de Conselleiros da Administración			
Medida 5: Regulación de cláusulas indemnizatorias de acordo a la reforma en proceso			
Medida 6: Redución do número de persoal de confianza			
Medida 7: Contratos externalizados			
Medida 8: Disolución das empresas que presentan pérdidas			
Medida 9: Realizar un estudo de viabilidade e análise de coste/beneficio			
Medida 10: Redución da celebración de contratos menores			
Medida 11: Redución das cargas administrativas para os cidadáns			
Medida 12: Modificación da organización da Corporación Local			
Medida 13: Redución da estrutura organizativa da Entidade Local			
Medida 14: Redución na prestación de servizos de tipo non obrigatorio			
Medida 15: Outras medidas polo lado dos gastos			
<b>Gastos de Capital</b>	<b>783.301,12</b>	<b>-2,13%</b>	<b>766.616,81</b>
- Derivados da evolución tendencial (non afectados por modificacións políticas)	783.301,12	-2,13%	766.616,81
- Derivados de modificacións políticas (*)	0,00		0,00
Medida 16: Non execución de inversións previstas inicialmente			
Medida 17: Outras medidas polo lado dos gastos de capital			
<b>Gastos non financeiros</b>	<b>5.872.384,29</b>	<b>1,56%</b>	<b>5.964.097,45</b>
- Derivados da evolución tendencial (non afectados por modificacións políticas)	5.872.384,29	1,56%	5.964.097,45
- Derivados de modificacións políticas (*)	0,00	0,00%	0,00
<b>Gastos financeiros</b>	<b>3.000,00</b>	<b>1430,36%</b>	<b>45.910,71</b>
- Derivados da evolución tendencial (non afectados por modificacións políticas)	3.000,00	1430,36%	45.910,71
- Derivados de modificacións políticas (*)	0,00	0,00%	0,00
<b>Gastos totais</b>	<b>5.875.384,29</b>	<b>2,29%</b>	<b>6.010.008,16</b>
- Derivados da evolución tendencial (non afectados por modificacións políticas)	5.875.384,29	2,29%	6.010.008,16
- Derivados de modificacións políticas (*)	0,00	0,00%	0,00

A) DETALLE DOS GASTOS CORRENTES	Ano 2020 (Estimación das obrigas recoñecidas netas)	Taxa de variación 2021/2020	Ano 2021 (Estimación dos créditos iniciais)
Capítulo 1: Gastos de Persoal	2.160.824,71	2,13%	2.206.850,28
Capítulo 2: Gastos correntes en bens e servizos	2.419.859,05	2,13%	2.471.402,05
Capítulo 3: Gastos financeiros	4.783,74	2,13%	4.885,63
Capítulo 4: Transferencias Correntes	503.615,67	2,13%	514.342,68
Capítulo 5: Fondo de Continxencia	0,00	0,00%	0,00
<b>TOTAL DE GASTOS CORRENTES</b>	<b>5.089.083,17</b>	<b>2,13%</b>	<b>5.197.480,64</b>

B) DETALLE DE GASTOS DE CAPITAL	Ano 2020 (Estimación das obrigas recoñecidas netas)	Taxa de variación 2021/2020	Ano 2021 (Estimación dos créditos iniciais)
Capítulo 6: Inversións Reais	783.301,12	-2,13%	766.616,81
Capítulo 7: Transferencias de Capital	0,00	0,00%	0,00
<b>TOTAL DE GASTOS DE CAPITAL</b>	<b>783.301,12</b>	<b>-2,13%</b>	<b>766.616,81</b>

C) DETALLE DE GASTOS FINANCEIROS	Ano 2020 (Estimación das obrigas recoñecidas netas)	Taxa de variación 2021/2020	Ano 2021 (Estimación dos créditos iniciais)
Capítulo 8: Gastos por Activos Financeiros	3.000,00	0,00%	45.910,71
Aportacións patrimoniais	0,00		0,00
Outros gastos en activos financeiros	3.000,00	0,00%	45.910,71
Capítulo 9: Gastos por Pasivos Financeiros	0,00		0,00
<b>TOTAL DE GASTOS FINANCEIROS</b>	<b>3.000,00</b>	<b>1430,36%</b>	<b>45.910,71</b>

SALDOS E OUTRAS MAGNITUDES	Ano 2020	Taxa de variación 2021/2020	Ano 2020
<b>Saldo de Operacións correntes</b>	<b>269.869,74</b>		<b>275.617,97</b>
- Derivados da evolución tendencial (non afectados por modificacións políticas)	269.869,74		275.617,97
- Derivados de modificacións políticas (*)	0,00		0,00
<b>Saldo de Operacións de capital</b>	<b>-245.726,01</b>		<b>-218.290,20</b>
- Derivados da evolución tendencial (non afectados por modificacións políticas)	-245.726,01		-218.290,20
- Derivados de modificacións políticas (*)	0,00		0,00
<b>Saldo de Operacións non financeiras</b>	<b>24.143,73</b>		<b>57.327,77</b>
- Derivados da evolución tendencial (non afectados por modificacións políticas)	24.143,73		57.327,77
- Derivados de modificacións políticas (*)	0,00		0,00
<b>Saldo de Operacións financeiras</b>	<b>-1.096,45</b>		<b>-44.007,16</b>
- Derivados da evolución tendencial (non afectados por modificacións políticas)	-1.096,45		-44.007,16
- Derivados de modificacións políticas (*)	0,00		0,00
<b>Saldo operacións non financeiras</b>	<b>24.143,73</b>		<b>57.327,77</b>
<b>(+/-) Axustes para o cálculo da capacidade ou necesidade de financiación. SEC-95</b>	<b>-14.610,11</b>		<b>-11.183,01</b>
<b>Capacidade ou necesidade de financiación</b>	<b>9.533,62</b>		<b>46.144,76</b>
<b>Deuda viva a 31/12</b>	<b>638.455,66</b>		<b>595.544,95</b>
- A curto prazo	0,00		0,00
- A longo prazo	638.455,66		595.544,95
<b>Ratio de Deuda viva/ Ingresos Correntes</b>	<b>12%</b>		<b>11%</b>

De acordo con lo establecido en el artículo 27.2 de la Ley Orgánica 2/2012, de Estabilidad Presupuestaria y Sostenibilidad Financiera	Ano 2020	Ano 2021
¿VALORA QUE LA CORPORACIÓN CUMPLIRÁ LA REGLA DEL GASTO AL CIERRE DEL EJERCICIO?	SI	SI

Pasivos contingentes	ANO 2020 (Estimación das obrigas recoñecidas netas)			Taxa de variación 2018/2017	ANO 2021 (Créditos iniciais)		
	Incluído no orzamento	Non incluído no orzamento	Total		Incluído no orzamento	Non incluído no orzamento	Total
<i>Avales concedidos</i>			0,00				0,00
<i>Préstamos morosos</i>			0,00				0,00
<i>Garantías</i>			0,00				0,00
<i>Por sentencias- expropiaciones</i>			0,00				0,00
<i>Otros</i>			0,00				0,00
<b>TOTAL</b>	0,00	0,00	0,00		0,00	0,00	0,00

**Segundo:** Remitir conforme á Orde HAP/2105/2012, por medios electrónicos e mediante firma electrónica a través do sistema que o Ministerio de Facenda e Administracións Públicas (MINHAP) os datos correspondentes de acordo cos formularios establecidos ó efecto.

**Terceiro:** Dar conta ó Pleno da Corporación na primeira sesión que celebre ó efecto.

O Pleno queda enterado.

#### **14º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA DE CONSTITUCIÓN E APROBACIÓN DOS ESTATUTOS DA ASOCIACIÓN DE CONCELLOS DA RUTA ROSALIANA AS PEGADAS DE ROSALÍA.**

Dada conta da proposta da alcaldía do 07.10.2020, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Servizos en sesión do 20.10.2020, que transcrita di:

Antecedentes:

1. A ruta "As Pegadas de Rosalía" percorre unha parte do territorio de Brión tendo un punto de referencia fundamental como é a parroquia de Bastavales coa súa igrexa e campás. Trátase dun itinerario turístico - cultural que toma como referencia a ruta deseñada polo intelectual Avelino Abuín de Tembra e que une escenarios nos que se desenvolveron parte da vida da nosa poeta máis universal, Rosalía de Castro, nos territorios municipais de Santiago, Ames, Brión, Padrón e Dodro.
2. O día 18 de xaneiro de 2018 os alcaldes de Ames, Brión, e Padrón, xunto coa Directora da Axencia de Turismo de Galicia, e o presidente da Fundación Rosalía de Castro, presentaron en Madrid, na Feira Internacional de Turismo (Fitur), este proxecto turístico conxunto.
3. Os días 05 de maio do ano 2018 e o 11 de maio de 2019 tiveron lugar sendas excursións para percorrer este itinerario, nas que participaron un total de máis de 200 persoas. A excursión prevista para o presente ano 2020, tivo que ser cancelada por coincidir co estado de alarma e período de confinamento decretado polo Goberno Central.
4. Ao longo destes 3 anos se desenvolveron diferentes iniciativas e actividades conxuntas como a edición de material de difusión e promoción, a creación dunha páxina web, os programas "Café con Verso", "Caldo de Gloria", "Rosalías da Vida", etc. O último proxecto no que se está traballando é nun Plan de Sinalización do itinerario en colaboración coa Deputación da Coruña.

Co obxecto de promover actividades e prestar servizos que contribúan as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal, entre elas a información e promoción da actividade turística e cultural de interese e ámbito local, e posto que parte do territorio municipal de Brión forma parte deste itinerario turístico - cultural denominado "As Pegadas de Rosalía", o Concello de Brión xunto cos Concellos de Ames, Padrón e Dodro, manifestan a súa vontade de constituír unha asociación denominada Asociación de Concellos da Ruta Rosaliana "As Pegadas de Rosalía". Para tal fin foi elaborada unha proposta de estatutos para a constitución e funcionamento da devandita asociación de concellos.

Vistos o informe do xestor cultural – coordinador e o informe conxunto de secretaría e intervención, propoño ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

**1º)** Aprobar a constitución da Asociación de Concellos da Ruta Rosaliana As Pegadas de Rosalía, na que se integrará o Concello de Brión.

**2º)** Prestar conformidade ao borrador de estatutos da Asociación de Concellos da Ruta Rosaliana As Pegadas de Rosalía que figuran como anexo.

**3º)** Designar como representante municipal de índole político ao alcalde do Concello de Brión e ao concelleiro/a de turismo. Designar como representante técnico ao xestor cultural – coordinador municipal de cultura.

**4º)** Facultar ao señor alcalde do Concello de Brión para cantas actuacións de trámite sexan precisas para a xestión e execución deste acordo.

**Anexo.**

**ESTATUTOS ASOCIACIÓN DE CONCELLOS DA RUTA ROSALIANA "AS PEGADAS DE ROSALÍA".**

**CAPÍTULO I.  
NATUREZA E CONSTITUCIÓN.**

**Artigo 1º.**

1. A Asociación de Concellos da Ruta Rosaliana "As Pegadas de Rosalía" é unha Asociación sen ánimo de lucro constituída ao amparo da Disposición Adicional quinta da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local:

"1. Las Entidades Locales pueden constituir asociaciones, de ámbito estatal o autonómico, para la protección y promoción de sus intereses comunes, a las que se les aplicará su normativa específica y, en lo no previsto en él, la legislación del Estado en materia de Asociaciones."

"2. Las Asociaciones de Entidades Locales se regirán por sus estatutos, aprobados por los representantes de las entidades asociadas, los cuales deberán garantizar la participación de sus miembros en las tareas asociativas y la representatividad de sus órganos de Gobierno."

Artigo 2.6 da Lei Órganica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación: "Las entidades públicas podrán ejercitar el derecho de asociación entre sí, o con particulares, como medida de fomento y apoyo, siempre que lo hagan en igualdad de condiciones con éstos, al objeto de evitar una posición de dominio en el funcionamiento de la asociación."

A Asociación constitúese por tempo indefinido e só se disolverá, conforme a estes estatutos, pola vontade dos asociados expresada en Asemblea Xeral extraordinaria ou polas causas previstas na lexislación vixente.

**Artigo 2º.**

A Asociación de Concellos da Ruta Rosaliana "As Pegadas de Rosalía" está constituída inicialmente polos Concellos de Ames, Brión, Dodro e Padrón.

**Artigo 3º.**

A Asociación rexerese segundo os principios democráticos contidos no marco da Constitución e o resto do ordenamento xurídico.

## **CAPÍTULO II. OBXECTO SOCIAL.**

### **Artigo 4º.**

1. Os fins principais da Asociación son:

- Promover o desenvolvemento turístico dos Concellos que pertencen á Ruta Rosaliana “As Pegadas de Rosalía”, achegando a cooperación destas institucións locais e contando co apoio da Deputación Provincial da Coruña, da Comunidade Autónoma de Galicia, a Administración do Estado e Mancomunidades.
  - Promover a defensa e mellora do Patrimonio material e inmaterial da Ruta Rosaliana “As Pegadas de Rosalía” e/ ou da figura de Rosalía de Castro.
  - Planificar e desenvolver iniciativas de desenvolvemento sostible do territorio da Ruta Rosaliana “As Pegadas de Rosalía” .
  - Canalizar a promoción turística da Ruta Rosaliana “As Pegadas de Rosalía”, así como a elaboración de programas turísticos e medioambientais.
  - Desenvolver relacións de reciprocidade entre os Concellos e territorios, fomentando e propoñendo iniciativas concretas que favorezan incrementos do movemento turístico, a implantación nos mercados nacionais e internacionais e a identidade de conxunto do territorio entre as grandes rutas viaxeiras do mundo.
  - Incluír este proxecto no marco dos programas da Unión Europea e/ou doutras institucións, destinados a axudar a novas iniciativas que potencien os destinos turísticos europeos e que precisen da súa presentación de forma conxunta e coordinada.
  - Planificar actuacións turísticas e de difusión de imaxe conxunta, que se corresponda cos intereses dos membros desta Asociación.
  - Participar e colaborar activamente cos plans da Deputación Provincial da Coruña, da Comunidade Autónoma de Galicia e da Administración do Estado neste territorio.
  - Representar aos Concellos da Ruta Rosaliana “As Pegadas de Rosalía” en cantos proxectos, convenios, acordos ou similares de carácter público ou privado se orienten ao cumprimento destes obxectivos e fins.
  - Procurar a unión de iniciativas que en materia de desenvolvemento e promoción da Ruta Rosaliana “As Pegadas de Rosalía” leven a cabo outros organismos públicos e privados.
  - Fomentar o contacto e relación con outras entidades de natureza análoga que teñan entre os seus fins a promoción e defensa da Ruta Rosaliana “As Pegadas de Rosalía”, a figura de Rosalía de Castro e/ou o Patrimonio material e inmaterial que a rodea.
2. Para levar a cabo ditos fins a Asociación poderá:
- Establecer as estruturas orgánicas e administrativas pertinentes.
  - Facilitar o intercambio de información sobre temas relacionados coa Ruta Rosaliana “As Pegadas de Rosalía” nos Concellos membros.
  - Constituír os servizos de asesoramento e asistencia para os seus membros.
  - Dirixirse aos poderes públicos e intervir con carácter consultivo, no seu caso, na formulación da normativa legal que afecte aos seus municipios.
  - Organizar e participar en reunións, seminarios e congresos.
  - Promover publicacións e documentos nas materias propias das súas competencias.
  - Realizar calquera outra actividade con suxeición á lexislación vixente.
  - Planificar e executar programas anuais ou eventuais en directa relación coa súa finalidade e obxectivos.

## **CAPÍTULO III. ÁMBITO DE ACTUACIÓN.**

### **Artigo 5º.**

A Asociación exercerá fundamentalmente as súas actividades no ámbito territorial da provincia da Coruña.

## **CAPÍTULO IV. DOMICILIO.**

### **Artigo 6º.**

A Asociación ten a súa sede na Casa Consistorial do Concello de Padrón (Rúa Longa número 27 15900 Padrón provincia da Coruña), podéndose modificar, dentro do seu ámbito de actuación, sendo preciso acordo da Asemblea Xeral.

**CAPITULO V.  
 ESTRUTURA XERAL.**

**Artigo 7º.**

Os órganos de representación, goberno e administración da Asociación son os seguintes:

- Asemblea Xeral onde están representados todos os socios.
- Xunta Directiva, formada polo/a Presidente/a, Vicepresidente/a, Secretario/a, Tesoureiro/a e 1 Vogal correspondendo un membro da Xunta Directiva a cada un dos Concellos.
- Presidente.

**Artigo 8º.**

A Xunta Directiva poderá conformar distintas comisións de apoio ao seu labor.

**Artigo 9º.**

Os cargos da Asociación non estarán retribuídos, sendo obrigatoria a asistencia aos actos convocados pola Presidencia, salvo ausencias debidamente xustificadas.

**Artigo 10º.**

A Asociación poderá contratar o persoal que requira, por necesidade xustificada e previa confirmación de viabilidade económica de dita contratación.

**CAPITULO VI.  
 ASEMBLEA XERAL.**

**Artigo 11º.**

A Asemblea é o órgano superior de goberno da Asociación e está formada por todos os/as representantes das entidades locais asociadas e que se encontran ao corrente coas obrigas coa Asociación. Serán representantes das entidades locais aqueles/as que sexan nomeados a tal efecto pola correspondente entidade local.

**Artigo 12º.**

Son competencias da Asemblea Xeral:

- Aprobar a modificación dos estatutos.
- Aprobar o plan de actuacións da Asociación.
- Aprobar os orzamentos e as contas xerais.
- Aprobar o regulamento de réxime interno.
- Aprobar as cotas ordinarias e achegas económicas extraordinarias.
- Disolver a Asociación.
- Establecer a estrutura organizativa.
- Aplicar o réxime disciplinario e sancionador nos supostos previstos nos Estatutos e Regulamento Interno que os desenvolven.
- Aprobar a admisión de novos socios e Membros Amigo.

**Artigo 13º.**

- As sesións que celebre a Asemblea Xeral poderán ser ordinarias e extraordinarias.
- A Asemblea celebrará sesións con carácter ordinario polo menos ao trimestre, sendo convocada polo/a Presidente/a cun mínimo de sete días hábiles de antelación á data de celebración da mesma.
- A Asemblea celebrará sesións con carácter extraordinario cantas veces sexa necesario, sendo convocada pola Presidencia ou a petición do 10 por 100 do número de asociados con dereito a voto. A convocatoria farase coa mesma antelación prevista no apartado anterior.
- As Asembleas Xerais, tanto as ordinarias como as extraordinarias, quedarán validamente constituídas en primeira convocatoria cando concorran dous terzos dos asociados con dereito a voto; en segunda convocatoria, que terá lugar polo menos media hora máis tarde da primeira, quedará constituída a asemblea sempre que asista un terzo dos socios con dereito a voto.

#### **Artigo 14º.**

A convocatoria das sesións ordinarias e extraordinarias da Asemblea efectuarase de xeito telemático, expresando o lugar, o día e a hora de celebración da mesma. Á convocatoria acompañarase a orde do día comprensiva dos asuntos a tratar. Na orde do día deberá incluírse, toda proposta relacionada cos fins da Asociación, solicitada expresamente e por escrito por un terzo dos membros da Asociación con dereito a voto.

#### **Artigo 15º.**

Os acordos adoptaranse, con carácter xeral, por maioría simple dos membros presentes ou representados. Existe maioría simple cando os votos afirmativos son máis que os negativos. En caso de empate, decidirá o voto de calidade do/a Presidente/a.

Non obstante, requirirán maioría cualificada das persoas presentes ou representadas, que resultará cando os votos afirmativos superen a metade para:

- Nomeamento das Xuntas Directivas e Administradores/as.
- Acordo para constituír unha Federación de Asociacións ou integrarse nelas.
- Disposición ou alleamento de bens integrantes do patrimonio.
- Modificación de estatutos.
- Destitución do/a Presidente/a.
- Disolución da entidade.

### **CAPITULO VII. XUNTA DIRECTIVA.**

#### **Artigo 16º.**

A Xunta Directiva, como órgano de xestión e representación dos intereses da Asociación, de acordo coas disposicións e directivas da Asemblea Xeral, terá as seguintes atribucións:

- A aprobación do programa de traballo e proxectos da Asociación.
- A fixación e execución do orzamento tendo en conta as liñas marcadas pola Asemblea Xeral, segundo os recursos económicos dos que se dispoña.
- O nomeamento dunha Comisión Revisora de Contas que examine os balances económicos-financeiros e inventario dos bens da Asociación dando conta dos mesmos á Asemblea Xeral.
- Executar os acordos da Asemblea Xeral.
- Decidir sobre cuestións reservadas á Asemblea Xeral en caso de extrema urxencia, debendo ser ratificadas ditas resolucións posteriormente pola Asemblea Xeral na seguinte sesión que celebre.
- Velar polo bo funcionamento da Asociación.
- As competencias que o/a Presidente/a ou a Asemblea Xeral deleguen nela.

Os Vogais da Xunta Directiva serán elixidos/as entre os asociados que se postulen. No caso de que non exista o número de Concellos necesario para postularse para a Xunta Directiva, elixíranse entre aqueles Concellos que aínda non ocuparan postos directivos.

A duración do mandato dos membros de Xunta Directiva será de dous (2) anos, podendo seren reelixidos pola Asemblea Xeral seguindo os criterios sinalados no parágrafo anterior.

Calquera dos membros da Xunta Directiva cesarán nos seus cargos polas seguintes causas:

- Por dimisión, comunicada por escrito á Asemblea.
- Por perda da condición de membro da Asociación.
- Por perda da condición de cargo electo municipal.
- Por destitución mediante acordo da Asemblea Xeral en sesión extraordinaria, convocada a este só efecto, en tanto se celebre a seguinte Asemblea Xeral. Será necesario o voto da maioría absoluta dos Concellos asistentes.

As vacantes que se puideran producir durante o mandato de calquera dos membros da Xunta Directiva, serán cubertas provisionalmente entre os ditos membros ata a elección definitiva pola Asemblea Xeral. En calquera caso, a Xunta Directiva debe estar integrada como mínimo por 3 Concellos, que exercerán as funcións de Presidente/a, Secretario/a e Tesoureiro/a.

### **CAPÍTULO VIII. PRESIDENCIA E VICEPRESIDENCIA.**

#### **Artigo 17º.**

A Presidencia da Asociación será elixida, entre os Concellos que desexen ostentala, pola Asemblea Xeral. O/a Vicepresidente/a, o/a Secretario/a, o/a Tesoureiro/a e os/as Vogais que completan a Xunta Directiva tamén serán elixidos/as entre os asociados que se postulen.

A Vicepresidencia poderá reemprazar ou substituír á Presidencia, temporal ou definitivamente, por causa de enfermidade, viaxe, morte, licenza ou renuncia, e en casos concretos, poderá recibir a delegación do exercicio das súas competencias.

A duración do mandato do/a Presidente/a será de dous (2) anos.

#### **Artigo 18º.**

O/a Presidente/a da Asociación ostentará a representación legal e a dirección da actividade da Asociación de conformidade co disposto nos estatutos e nos acordos adoptados pola Asemblea Xeral e a Xunta Directiva. Será tamén da Asemblea Xeral e da Xunta Directiva, e terá as seguintes atribucións:

- Representar á Asociación.
- Convocar e presidir as sesións da Asemblea Xeral, con voz, voto e voto de calidade.
- Tutelar a Oficina Técnica de Xestión.
- Ordenar e autorizar pagos.
- Asinar en nome da Asociación cantos documentos públicos e privados sexan precisos para percibir calquera tipo de subvención, achegas derivadas de convenios e toda clase de cantidades e cobros por calquera concepto das Administracións Públicas e dos organismos delas dependentes ou doutras entidades, públicas ou non, e para asinar os documentos públicos e privados que sexan precisos ou convenientes en nome da Asemblea.

### **CAPÍTULO IX.**

#### **SECRETARÍA E TESOURERÍA.**

#### **Artigo 19º.**

A Secretaría e a Tesourería serán elixidas entre os asociados que se postulen pola Asemblea Xeral.

Son funcións da Secretaría:

- A función de xefatura dos servizos administrativos da Asociación.
- Custodiar e levar ao día toda a documentación, arquivos e rexistros da Asociación.
- Levantar actas dos acordos chegados na Asemblea Xeral e a Xunta Directiva e expedir certificacións destas co visto e praxe do/a Presidente/a.

Son funcións da Tesourería:

- Custodiar os fondos da Asociación e levar en orde a contabilidade.
- Dar cumprimento ás ordes de pagamento que expida o/a Presidente/a.
- Confeccionar os orzamentos anuais, os estados de contas e os balances da Asociación.

### **CAPÍTULO X.**

#### **OUTROS ÓRGANOS DA ASOCIACIÓN.**

#### **Artigo 20º.**

A Asociación poderá dispoñer dunha Oficina Técnica de Xestión asumindo as responsabilidades como órgano de xestión.

A Oficina Técnica de Xestión, de conformidade coas directrices marcadas pola Presidencia, establécese con orde a desenvolver coa maior eficacia técnica e profesional os obxectivos da Asociación. De carácter eminentemente técnico haberá de resolver, planificar e executar os programas anuais. As funcións da Oficina Técnica de Xestión serán desempeñadas por persoal ou órganos técnicos vinculados ás entidades locais das que forman a Xunta Directiva da Asociación ou por persoal contratado directamente pola Asociación.

As funcións da Oficina Técnica de Xestión, sen menoscabo das que lle fosen encargadas pola Presidencia, son as seguintes:

- Asistencia técnica á Presidencia e coordinación xeral dos proxectos e das accións da Asociación.
- Propoñer ao/á Presidente/a as accións técnicas e profesionais propias dos obxectivos da Asociación.
- Relacións de carácter técnico e profesional coas Administracións Públicas e entidades privadas.



- Convocar reunións técnicas en cantas ocasións fosen necesarias para levar adiante as propostas profesionais derivadas dos obxectivos da Asociación ou dos compromisos profesionais que puidesen xurdir.
- Elaborar os orzamentos anuais con desagregación por accións concretas e o orzamento de gastos e mantemento da Oficina Técnica de Xestión.
- Auxiliar e asesorar á Presidencia e aos Concellos membros respecto das estratexias para desenvolver, documentos técnicos á emitir e en cantas accións, plans e proxectos sexan de beneficio á Asociación.
- Propoñer accións para a elaboración de produtos turísticos dos Concellos e establecer contactos e relacións coas empresas e servizos turísticos relacionados coa Asociación.
- Planificar e organizar os programas anuais de traballo da Asociación en orde a conseguir os obxectivos que se expoñen para a mesma.
- Asistir e participar en cantas actividades e convocatorias públicas ou privadas sexan de interese para os obxectivos desta Asociación.

## **CAPÍTULO XI. DOS ASOCIADOS.**

### **Artigo 21º.**

1. Poderán formar parte da Asociación todos os Concellos polos que transcorra o percorrido da Ruta Rosaliana "As Pegadas de Rosalía". O acordo de integración deberá ser adoptado polo órgano competente da Corporación interesada, no que se expresará a súa vontade de adhesión e cumprimento dos presentes estatutos.
2. A alta será solicitada polo/a Alcalde/Alcaldesa da entidade local, previo acordo plenario, mediante escrito dirixido ao/a Presidente/a da Asociación, quen dará conta á Asemblea Xeral, que acordará acceder ou non á admisión.
3. Calquera membro pode separarse previo acordo plenario da Corporación correspondente. Dita separación fornecerá efectos a partir da toma de coñecemento da Asemblea Xeral.
4. O membro que, por calquera causa, deixase de pertencer á Asociación, acharase suxeito ao cumprimento dos compromisos e obrigacións contraídas.

### **Artigo 22º.**

Dereitos dos membros da Asociación:

- Asistir con voz e voto ás Asembleas e reunións que se celebren.
- Ser candidatos/as aos cargos dos órganos de Goberno.
- Participar nas áreas da Asociación.
- Ter acceso aos arquivos, rexistros e documentos.
- Ter coñecemento da execución do orzamento.
- Solicitar ao/á Presidente/a a convocatoria de sesión extraordinarias da Asemblea.
- Impugnación de acordos e interposición de recursos de conformidade coa lexislación vixente.

### **Artigo 23º.**

Obrigas dos socios da Asociación:

- Cumprir os presentes estatutos e os acordos adoptados polos órganos da Asociación.
- Pagar as cotas regulamentarias e as achegas extraordinarias que, no seu caso, puidesen establecerse.
- Velar pola consecución dos fins propostos, cumprindo con exactitude as disposicións estatutarias e os regulamentos.

### **Artigo 24º.**

A condición de socio alterarase por algún dos seguintes motivos:

- Por acordo da corporación correspondente, segundo o disposto no artigo 24.3.
- Perderase a condición de socio da Asociación, por falta de pagamento de 3 cotas ou máis, cando unha vez realizado o requirimento, pasasen máis de tres meses sen o pago das cotas debidas.

Perderase o dereito de voto nos órganos da Asociación, por deber máis dunha cota. Así mesmo, ningún Concello con cotas pendentes poderá ser membro da Xunta Directiva. Os Concellos que están neste suposto, verán reducida a súa presenza nas accións promocionais que a Asociación desenvolva, así como nos materiais editados pola mesma durante ese período.

### **Artigo 25º.**

Poderán participar na Asociación os denominados Membro Amigo que serán entidades públicas ou privadas que teñan entre os seus obxectivos o desenvolvemento, a defensa e a promoción da Ruta Rosaliana “As Pegadas de Rosalía” ou a figura de Rosalía de Castro.

A condición de Membro Amigo supón que pode participar nas reunións e Asembleas da Asociación con voz pero sen voto, non poderá formar parte dos órganos de Goberno e non ten a obriga do pagamento de cotas.

Para obter a condición de Membro Amigo a entidade ou organismo interesado deberá solicitar á Presidencia a admisión argumentando o seu vencello coa Ruta Rosaliana “As Pegadas de Rosalía” ou á figura de Rosalía de Castro. Será a Asemblea Xeral a que acorde acceder ou non á admisión.

## **CAPÍTULO XII. RÉXIME ECONÓMICO.**

### **Artigo 26º.**

A Asociación nace sen patrimonio propio e aterase no seu réxime económico ás seguintes premisas:

- Terá un carácter non lucrativo.
- Para o cumprimento dos seus fins a Asociación contará cun orzamento formado por achegas anuais dos seus membros.
- Todos os seus ingresos aplicaranse aos fins que constitúen o obxecto desta Asociación, sen que caiba en ningún caso a súa repartición entre os asociados, nin a súa cesión gratuíta a persoas físicas ou xurídicas con interese lucrativo.
- O seu patrimonio será independente do patrimonio dos entes asociados.
- Os beneficios obtidos pola Asociación, derivados do exercicio de actividades económicas, incluídas as prestacións de servizos, deberán destinarse exclusivamente ao cumprimento dos seus fins, sen que caiba en ningún caso a súa repartición entre asociados, nin a súa cesión gratuíta a persoas físicas ou xurídicas con interese lucrativo.
- Anualmente a Xunta Directiva presentará á Asemblea unha memoria económica do exercicio xa rematado, xunto cos xustificantes de gasto que deberán ser de valor legal. Esta memoria deberá ser aprobada pola Asemblea de socios.
- Para a contratación de servizos ou investimentos, a Asociación estará suxeita á lexislación vixente de Contratos do Sector Público.

### **Artigo 27º.**

O patrimonio da Asociación pode estar integrado por toda clase de bens, dereitos e obrigas susceptibles de valoración económica.

A dotación patrimonial da Asociación estará integrada por tódolos bens e dereitos que constitúen a dotación inicial da Asociación e por aqueles outros que no sucesivo se aporten á mesma con ese carácter.

### **Artigo 28º.**

Os recursos da Asociación procederán de:

- As cotas ordinarias de carácter anual que serán iguais para cada Concello membro.
- As achegas extraordinarias que deberán ser ratificadas polos órganos competentes en materia económica das entidades locais asociadas.
- As subvencións ou doazóns que se reciban.
- Os rendementos propios do seu patrimonio e derivados das súas actividades e publicacións.

As cotas ordinarias terán carácter anual e serán determinadas en canto á súa contía pola Asemblea Xeral no mes de outubro de cada anualidade. Para o exercicio 2020, ano de fundación, a achega de cada membro da Asociación de Concellos da Ruta Rosaliana “As Pegadas de Rosalía” será como máximo de 1.000 €. Todo isto sen prexuízo de que a Asemblea poda establecer cotas extraordinarias ou outras achegas que consideren necesarias, así como nos exercicios posteriores. Estas achegas terán un límite máximo de 1.000 € por anualidade.

O abono das cotas deberá realizarse no primeiro trimestre do ano, sendo causa de apercibimento a falta de pagamento das mesmas.

A Asociación levará unha contabilidade que permita obter a imaxe fiel do patrimonio, do resultado e da situación financeira da entidade, así como cantas obrigacións contables determinen as normas específicas que resulten de aplicación a esta Asociación.

O exercicio económico coincidirá co ano natural e terminará o día 31 de decembro de cada ano, excepto no caso de disolución da Asociación. Nese caso a data de peche será o día en que se celebre a Asemblea que aprobe a disolución.

A data de apertura do exercicio económico coincidirá co 1 de xaneiro, excepto no caso da súa fundación que será a data da súa acta fundacional.

**CAPÍTULO XIII.  
 MODIFICACIÓN DE ESTATUTOS.**

**Artigo 29º.**

A modificación de Estatutos deberá ser aprobada pola Asemblea Xeral.

O acordo de modificación adoptárase por maioría absoluta dos Concellos asistentes.

**CAPÍTULO XIV.  
 DISOLUCIÓN DA ASOCIACIÓN.**

**Artigo 30º.**

O acordo de disolución deberá ser adoptado en sesión extraordinaria pola Asemblea Xeral convocada para o efecto, e por unha maioría absoluta dos Concellos asistentes. Son causas de disolución da Asociación:

- Por acordo da Asemblea Xeral extraordinaria.
- Polas causas determinadas no artigo 39 do Código Civil.
- Por resolución xudicial e firme.

Acordada a disolución, a Asemblea constituirase na Comisión Liquidadora, que procederá á liquidación da Asociación, repartindo o patrimonio social entre entidades benéficas, unha vez deducidos os recursos para o cumprimento das obrigas pertinentes.

**DISPOSICIÓN ADICIONAIS.**

Primeira e única-. Para todo o non recollido nestes Estatutos, aplicarase a vixente Lei Orgánica 1/2002, de 22 de marzo, reguladora do dereito de Asociación.

Debate: Non se produciu.

Votación e resultado:

Sometida a votación a proposta ditaminada, dáse o seguinte resultado:

Votos a favor: 12, pertencentes aos grupos municipais do PSG-PSOE (7), PP (3) e BNG (2).

Votos en contra: 0.

Abstencións: 0.

Queda aprobada a proposta ditaminada nos seus propios termos.

**15º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA DE MODIFICACIÓN DO ANEXO DE SUBVENCIÓNS NOMINATIVAS DO ORZAMENTO DE 2020.**

Dada conta da proposta da alcaldía do 14.10.2020, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa Especial de Contas (Permanente de Facenda) en sesión do 20.10.2020, que transcrita di:

O Orzamento do Concello de Brión, vixente para o ano 2020, foi aprobado polo Pleno da Corporación en sesión celebrada o 27 de febreiro de 2020, sen que contra o mesmo se presentasen reclamacións, publicándose definitivamente no Boletín Oficial da Provincia Nº 87, do 15 de xuño de 2020. Entre os anexos ao mesmo figura o Anexo de subvencións nominativas 2020, coas seguintes:

Aplicación Presupuestaria	Denominación de la Aplicación Presupuestaria	Entidad Beneficiaria	CIF	Finalidad	Importe
---------------------------	----------------------------------------------	----------------------	-----	-----------	---------

323.489.00	Funcionamento de centros docentes de enseñanza preescolar e primaria e educación especial. Outras transferencias	CEIP Pedrouzos	Q 6555044 D	Promover actividades e servizos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal	3.000,00 €
323.489.00	Funcionamento de centros docentes de enseñanza preescolar e primaria e educación especial. Outras transferencias	IES de Brión	Q 6555582 C	Promover actividades e servizos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal	2.000,00 €
323.489.00	Funcionamento de centros docentes de enseñanza preescolar e primaria e educación especial. Outras transferencias	EEI Luaña	Q 6555229 A	Promover actividades e servizos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal	1.100,00 €
323.489.00	Funcionamento de centros docentes de enseñanza preescolar e primaria e educación especial. Outras transferencias	EEI Os Ánxeles	Q 6555155 H	Promover actividades e servizos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal	1.100,00 €
323.489.00	Funcionamento de centros docentes de enseñanza preescolar e primaria e educación especial. Outras transferencias	EEI Sabaxáns	Q 6555688 H	Promover actividades e servizos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal	1.100,00 €
334.489.00	Promoción cultural. Outras transferencias	Asoc. Banda Música Municipal de Brión	G 15589161	Promover actividades e servizos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal	3.300,00 €
334.489.00	Promoción cultural. Outras transferencias	Asociación de Mulleres Xuntanza	G 15642440	Promover actividades e servizos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal	2.800,00 €
341.489.00	Promoción e fomento do deporte. Outras transferencias	Sociedade Deportiva Brión	G 15547102	Promoción do deporte	5.700,00 €
341.489.00	Promoción e fomento do deporte. Outras transferencias	Bastavales Unión Deportiva	G 15565161	Promoción do deporte	10.000,00 €
341.489.00	Promoción e fomento do deporte. Outras transferencias	Sociedad Deportiva Luaña	G 15425168	Promoción do deporte	3.200,00 €
341.489.00	Promoción e fomento do deporte. Outras transferencias	Club Patinaxe Brión	G 70528492	Promoción do deporte	800,00 €
341.489.00	Promoción e fomento do deporte. Outras transferencias	Club Patinaxe Torres de Altamira	G 70531462	Promoción do deporte	800,00 €
341.489.00	Promoción e fomento do deporte. Outras transferencias	Club de Baloncesto Brión	G 70464011	Promoción do deporte	1.500,00 €
341.489.00	Promoción e fomento do deporte. Outras transferencias	Club de Atletismo Brión	G 70604590	Promoción do deporte	1.500,00 €
231.490.00	Asistencia Social Primaria. Al exterior	Solidariedade Galega co Pobo Saharai	G 15924558	Promoción da cultura	1.800,00 €
231.490.00	Asistencia Social Primaria. Al exterior	Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade	G 15629629	Promoción da cultura	700,00 €
912.489.00	Órganos de goberno. Outras transferencias	FEMP	G 28783991	Promover actividades e servizos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal	1.250,00 €
912.489.00	Órganos de goberno. Outras transferencias	FEGAMP	V15160963	Promover actividades e servizos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal	350,00 €
912.489.00	Órganos de goberno. Outras transferencias	Asociación Terras de Compostela	G 70181557	Promover actividades e servizos que contribúan a satisfacer as necesidades e	1.000,00 €

				aspiracións da comunidade veciñal	
--	--	--	--	-----------------------------------	--

Con data 11 de xuño de 2020 e rexistro de entrada nº 1252 o Club de Baloncesto Brión presentou solicitude e demais documentación para a antedita subvención nominativa na que consta como CIF da entidade beneficiaria G 70591433 e non G 70464011 como consta no Anexo de subvencións nominativas 2020 aprobado polo Pleno e anteriormente transcrito.

Polos motivos expostos, por providencia de alcaldía de data 14/10/2020 iniciouse a modificación do Anexo de subvencións nominativas 2020 que acompañou ao Orzamento Xeral aprobado polo Pleno co fin de que conste o CIF correcto do beneficiario Club de Baloncesto Brión, e tendo en conta que o mesmo foi informado favorablemente pola intervención municipal en data 14/10/2020.

Esta Alcaldía presenta proposta de acordo ó Pleno da Corporación para que, previo ditame da Comisión Especial de Contas (a cal actúa como permanente de Facenda) se proceda á adopción dos seguintes acordos:

**Primeiro.-** Aprobar inicialmente a modificación do Anexo de subvencións nominativas 2020 que fora aprobado xunto co Orzamento Xeral polo Pleno Corporativo en sesión de data 27/02/2020, de xeito que o mesmo quedaría como segue:

**ANEXO DE SUBVENCIONES NOMINATIVAS 2020**

Aplicación Presupuestaria	Denominación de la Aplicación Presupuestaria	Entidad Beneficiaria	CIF	Finalidad	Importe
323.489.00	Funcionamento de centros docentes de enseñanza preescolar e primaria e educación especial. Outras transferencias	CEIP Pedrouzos	Q 6555044 D	Promover actividades e servizos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal	3.000,00 €
323.489.00	Funcionamento de centros docentes de enseñanza preescolar e primaria e educación especial. Outras transferencias	IES de Brión	Q 6555582 C	Promover actividades e servizos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal	2.000,00 €
323.489.00	Funcionamento de centros docentes de enseñanza preescolar e primaria e educación especial. Outras transferencias	EEl Luaña	Q 6555229 A	Promover actividades e servizos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal	1.100,00 €
323.489.00	Funcionamento de centros docentes de enseñanza preescolar e primaria e educación especial. Outras transferencias	EEl Os Ánxeles	Q 6555155 H	Promover actividades e servizos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal	1.100,00 €
323.489.00	Funcionamento de centros docentes de enseñanza preescolar e primaria e educación especial. Outras transferencias	EEl Sabaxáns	Q 6555688 H	Promover actividades e servizos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal	1.100,00 €
334.489.00	Promoción cultural. Outras transferencias	Asoc. Banda Música Municipal de Brión	G 15589161	Promover actividades e servizos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal	3.300,00 €
334.489.00	Promoción cultural. Outras transferencias	Asociación de Mulleres Xuntanza	G 15642440	Promover actividades e servizos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal	2.800,00 €
341.489.00	Promoción e fomento do deporte. Outras transferencias	Sociedade Deportiva Brión	G 15547102	Promoción do deporte	5.700,00 €

341.489.00	Promoción e fomento do deporte. Outras transferencias	Bastavales Unión Deportiva	G 15565161	Promoción do deporte	10.000,00 €
341.489.00	Promoción e fomento do deporte. Outras transferencias	Sociedad Deportiva Luaña	G 15425168	Promoción do deporte	3.200,00 €
341.489.00	Promoción e fomento do deporte. Outras transferencias	Club Patinaxe Brión	G 70528492	Promoción do deporte	800,00 €
341.489.00	Promoción e fomento do deporte. Outras transferencias	Club Patinaxe Torres de Altamira	G 70531462	Promoción do deporte	800,00 €
341.489.00	Promoción e fomento do deporte. Outras transferencias	Club de Baloncesto Brión	G 70591433	Promoción do deporte	1.500,00 €
341.489.00	Promoción e fomento do deporte. Outras transferencias	Club de Atletismo Brión	G 70604590	Promoción do deporte	1.500,00 €
231.490.00	Asistencia Social Primaria. Al exterior	Solidariedade Galega co Pobo Saharaui	G 15924558	Promoción da cultura	1.800,00 €
231.490.00	Asistencia Social Primaria. Al exterior	Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade	G 15629629	Promoción da cultura	700,00 €
912.489.00	Órganos de goberno. Outras transferencias	FEMP	G 28783991	Promover actividades e servizos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal	1.250,00 €
912.489.00	Órganos de goberno. Outras transferencias	FEGAMP	V15160963	Promover actividades e servizos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal	350,00 €
912.489.00	Órganos de goberno. Outras transferencias	Asociación Terras de Compostela	G 70181557	Promover actividades e servizos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal	1.000,00 €

**Segundo.-** A aprobación inicial da modificación someterase a exposición pública por un prazo de 15 días para os efectos de que podan presentarse reclamacións. No suposto de que non se presentaran durante ese prazo, considerarase definitivamente aprobado; de non ser así, deberán resolverse as alegacións e procederse á súa aprobación definitiva.

Unha vez aprobado definitivamente e aos efectos da súa entrada en vigor, o citado Anexo deberá publicarse no BOP e remitir copia a Administración do Estado e da Comunidade Autónoma.

Debate: Non se produciu.

Votación e resultado:

Sometida a votación a proposta ditaminada, dáse o seguinte resultado:

Votos a favor: 12, pertencentes aos grupos municipais do PSG-PSOE (7), PP (3) e BNG (2).

Votos en contra: 0.

Abstencións: 0.

Queda aprobada a proposta ditaminada nos seus propios termos.

### **16º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA DE EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS 13/2020.**

Dada conta da proposta da alcaldía do 14.10.2020, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa Especial de Contas (Permanente de Facenda) en sesión do 20.10.2020, que transcrita di:

Aprobada a liquidación do exercicio 2019 cun remanente líquido de tesourería que ascendeu a 4.618.236,06€.

O artigo 177 do RD lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais (TRLFL), así como os artigos 35 e 36 do RD 500/1990, de

20 de abril, polo que se desenvolve o Capítulo primeiro do Título sexto da Lei 39/1988, de 28 de decembro, reguladora das Facendas Locais, en materia de orzamentos, permiten a incoación dun expediente de concesión de crédito extraordinario para a realización dun gasto que non poida demorarse ata o exercicio seguinte e para o que non exista crédito no Orzamento, podéndose financiar con cargo ao remanente líquido de tesourería.

Dado que se considera necesario acometer as obras “CAMIÑO DE AMAÑECIDA ATA GRAÑA E OUTROS” descritas no Proxecto técnico elaborado en decembro de 2019 polo enxeñeiro de camiños, canles e portos, colexiado nº 22992, Pablo Blanco Ferreiro, e para as cales non se pode esperar ata o exercicio seguinte coa finalidade de acometer canto antes a súa execución (tratase da mellora do firme actual en 7 camiños de titularidade municipal, no interior de 3 urbanizacións e mellora do viario de acceso ao CEIP Pedrouzos e ao IES de Brión, os cales se atopan en mal estado, e polas que circula o transporte escolar todos os días) para os que non existe crédito consignado no vixente Orzamento da Corporación e considerando que se dispón dalgúns dos medios de financiamento previstos na lexislación de facendas locais.

Sendo conforme as disposicións vixentes, e previo informe da Intervención municipal, estímase procedente tramitar o presente expediente de modificación de créditos na modalidade de crédito extraordinario, sendo os recursos que financian o gasto o remanente líquido de tesourería do exercicio anterior, polo que se propón ao Pleno da Corporación, previo ditame da Comisión Especial de Contas (a cal actúa como permanente de Facenda), a adopción do seguinte acordo:

**Primeiro.-** Aprobar a modificación de crédito número 13/2020 do Orzamento Municipal para o exercicio 2020 na modalidade de crédito extraordinario, de acordo co seguinte:

**Altas en aplicacións de gastos**

APLICACIÓN	ECONÓMICA	DENOMINACION PROXECTO	IMPORTE
1532	61904	OUTRAS INV.REP. INFRA.,BNS USO XRAL. CAMIÑO DE AMAÑECIDA ATA GRAÑA E OUTROS	950.726,78 €
		Total	950.726,78 €

**Altas en aplicacións de ingresos**

Económica	Denominación	IMPORTE
870.00	Remanente de Tesourería para Gastos Xerais	950.726,78 €

**Segundo.-** Expoñer o expediente de modificación de crédito ao público por un período de 15 días hábiles, mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia, de conformidade co artigo 169 do Texto refundido da Lei de Facendas Locais, para que os interesados poidan examinalo e presentar reclamacións.

No caso de que non se presentasen alegacións, a modificación entenderase definitivamente aprobada, publicándose, resumida por capítulos, no BOP e no taboleiro de anuncios do Concello.

Debate: Non se produciu.

Votación e resultado:

Sometida a votación a proposta ditaminada, dáse o seguinte resultado:

Votos a favor: 12, pertencentes aos grupos municipais do PSG-PSOE (7), PP (3) e BNG (2).

Votos en contra: 0.

Abstencións: 0.

Queda aprobada a proposta ditaminada nos seus propios termos.

**17º) MOCIÓNS.**

Aprobouse por unanimidade dos doce membros presentes a urxencia das seguintes mocións:

**17.1. MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG DE APOIO Á CASA DE ROSALÍA DE CASTRO.**

Dada conta da moción sinalada polo Sr. Concelleiro Souto Castiñeira, que transcrita di:

Exposición de motivos:

Rosalía de Castro, a súa vida e a súa obra, constitúen, sen dúbida, un dos maiores patrimonios culturais e simbólicos do noso país. Toda Galiza se pode ver representada nunha obra literaria de permanente vixencia e actualidade.

O Concello de Brión ten, aínda máis, fortes vínculos con Rosalía de Castro (con vínculos familiares en Lamiño) e coa súa obra, tanto nas localizacións (Bastavales, o Río Sar ...) como porque falou de xeito fondo e maxistral da nosa xente de antes e de agora, en definitiva, de nós mesmas.

A Casa de Rosalía no lugar da Matanza (Padrón) é un espazo fundamental para dar a coñecer a vida e obra da nosa poeta e a Fundación Rosalía de Castro, amais de manter a Casa-museo, é unha das entidades que traballan cada día na investigación, divulgación e valoración da vida e a obra de Rosalía.

Son funcións dos concellos o apoio á cultura e o facilitar o acceso da veciñanza ao noso patrimonio cultural.

Por estes motivos o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:

**1º)** O Concello de Brión acorda facerse Mecenax da Casa de Rosalía, para o cal asinará un convenio de colaboración coa Fundación Rosalía de Castro.

**2º)** O departamento de Cultura do Concello establecerá conversas coa Fundación Rosalía de Castro co obxectivo de acadar unha maior colaboración entre as dúas entidades e que a Fundación Rosalía de Castro realice actividades localizadas no noso Concello, aproveitando e poñendo en valor a vinculación dos lugares do noso Concello coa vida e obra da autora.

Debate:

O Sr. Concelleiro Souto Castiñeira sinala que cando a presentamos xa sabiamos que tiñan a idea de facerse mecenax desta fundación.

A Sr<sup>a</sup>. Concelleira Cebal Gómez sinala que estamos a traballar nun convenio de colaboración e esperamos traelo a Pleno axiña, o departamento de cultura leva tempo falando coa fundación e penso que non haberá problema con este tema.

Sometida a votación a moción, dáse o seguinte resultado:

Votos a favor: 12, pertencentes aos grupos municipais do PSG-PSOE (7), PP (3) e BNG (2).

Votos en contra: 0.

Abstencións: 0.

Queda aprobada a moción.

**17.2. MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG SOBRE A POSTA EN MARCHA DO CONSELLO ESCOLAR MUNICIPAL.**

Dada conta da moción sinalada polo Sr. Concelleiro Penas Corral, que transcrita di:

Exposición de motivos:



Dende xa hai anos o noso grupo municipal ven insistindo na necesidade e urxencia da creación dun Consello Escolar Municipal como órgano de actuación e coordinación entre o concello e todos os axentes implicados na xestión e funcionamento dos centros de ensino de todo o concello. En todas as ocasións argumentáronse cuestións burocráticas, técnicas ou organizativas que transcenden o tempo e a realidade (a dura realidade) de todas as familias do concello.

A situación actual de pandemia non ven máis que a acentuar toda a problemática relacionada coa necesidade de coordinar e planificar medidas que reforcen as garantías de seguridade e igualdade de oportunidades para toda a veciñanza en materia de ensino, conciliación e saúde.

Agora temos a situación de que a Xunta delega unha vez máis as responsabilidades das garantías hixiénico sanitarias no concello e nos centros públicos sen ter unha clara postura común que poña de manifesto a delegación abusiva de competencias por parte do goberno da Xunta, por outra parte, acontecementos como o peche da escola municipal de Luaña ou os problemas de comedor e transporte no CEIP Pedrouzos poñen de manifesto que unha correcta política de anticipación aos problemas suporía evitar ter que actuar fronte a feitos consumados traballando todos os actores na mesma dirección.

Temos a necesidade de ser activos e proactivos e non agardar as chamadas de outras administracións para solventar problemas dos cales todos formamos parte dunha ou outra forma. Entendemos pasou o tempo dos argumentos e chegou o tempo das solucións. Xa van moitos anos.

Por estes motivos, o grupo municipal do BNG propón ao Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte acordo:

**1º)** Instar ao goberno municipal do concello de Brión á posta en marcha urxente do Consello Escolar Municipal con todos os axentes implicados como parte do mesmo e coa implicación absoluta do concello e as áreas que correspondan. O concello escolar municipal como órgano competente traballará na elaboración de protocolos para o transporte escolar, funcionamento dos comedores e servizo de limpeza dos centros, así como órgano de xuntanza e análise para actuar con anticipación en todos e cada un dos posibles problemas en materia de ensino e conciliación familiar.

Debate:

O Sr. Concelleiro Penas Corral sinala que xa o trouxemos varias veces, hai anos que vimos insistindo na posta en marcha, levamos máis de dous anos detrás da creación do consello escolar e pensamos que a situación de pandemia esixe a súa creación.

A Sr<sup>a</sup>. Concelleira Cebal Gómez sinala que estamos de acordo; apoiamos a posta en marcha deste consello, desde o concello xa se lles notificou e que os consellos réxense polo Decreto 44/1988, do 11 de febreiro, e as solicitudes que presentaron non reunían os requisitos establecidos na norma, tanto para designacións de profesorado como para nais e pais de alumnos e ata que estes requisitos non se cumpran non podemos seguir; eu comprométo-me a presentar novamente as cousas como deben ser.

O Sr. Concelleiro Penas Corral sinala que nós sabemos das alegacións presentadas hai dous anos, hai que ser proactivo e se estas alegacións non teñen solución debe facerse como di o decreto, non damos solucións aos problemas da xente, non se trata de xuntarse máis ou menos, se trata de intentar solucionar os problemas da comunidade educativa.

A Sr<sup>a</sup>. Concelleira Cebal Gómez sinala que cando se presentou isto non estaba aquí, comprométo-me a facer xestións para poñelo en marcha, temos toda a vontade.

O Sr. Concelleiro Souto Castiñeira sinala que se trata de facer un regulamento como di o decreto.

Sometida a votación a moción, dáse o seguinte resultado:

Votos a favor: 12, pertencentes aos grupos municipais do PSG-PSOE (7), PP (3) e BNG (2).  
 Votos en contra: 0.  
 Abstencións: 0.  
 Queda aprobada a moción.

### **17.3. MOCIÓN CONXUNTA DOS GRUPOS MUNICIPAIS DO BNG E PSG-PSOE SOBRE A PRESENCIALIDADE NO SERVIZO DE ATENCIÓN PRIMARIA.**

Dada conta da moción sinalada, que transcrita di:

Exposición de motivos:

Como consecuencia da COVID-19, o servizo de atención primaria, presencial, acabou por converterse en telemático. Que este xeito de prestar o servizo se alongue no tempo pode ter consecuencias para todas aquelas persoas que presentan enfermidades diferentes da COVID-19 así como para todas as consultas que podan representar emerxencias sanitarias cando xurdan, doentes crónicos sen atención personalizada, etc, etc. Toda esta situación está poñendo ao límite o noso sistema sanitario dentro do Concello así como en todo o País froito das políticas de recortes e da pouca inversión en saúde nas políticas do PP durante os últimos 12 anos. Ademais, nun concello como Brión, cunha poboación envellecida, é máis importante, se cabe, esa volta urxente á atención presencial.

Creemos carente de sentido que o servizo de atención primaria se leve a cabo de xeito telemático cando, ao mesmo tempo, as clases e a maioría dos sectores, nomeadamente o dos servizos (tendas, locais hostaleiros ...), desenvolven a súa actividade de maneira presencial.

Por estes motivos, o grupo municipal do BNG, propón ao Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte acordo:

Instamos á Xunta a:

**1º)** Realizar de inmediato todas as accións precisas para activar a atención presencial en Atención Primaria de Brión para dar resposta ás demandas de atención pola COVID-19, mais tamén ao resto das patoloxías e rematar coas listas de espera neste nivel asistencial. Establecer protocolos claros e unificados para a atención presencial de doentes para toda a Atención Primaria.

**2º)** Aumentar nos centros de saúde o número de profesionais que sexa preciso para permitir aumentar o tempo e a calidade da atención asistencial así como incorporar as categorías profesionais imprescindibles para formar equipos multidisciplinares e prestar unha atención integral: psicólogos clínicos, terapeutas ocupacionais, logopedas, podólogos...

**3º)** Aumentar os orzamentos destinados a Atención Primaria.

Debate:

O Sr. Concelleiro Souto Castiñeira explica a moción sinalando que eliminamos da mesma no seu apartado 3º) as cantidades que figuraban con anterioridade.

O Sr. Alcalde sinala que estamos totalmente de acordo coa moción.

A Srª. Concelleira Fariña Bellón sinala que estamos en contra, porque entendemos que se está a prestar o servizo chamando ao centro de saúde onde din se debe ser presencial ou non, con iso se evita a presencialidade innecesaria; os nenos non se atenden por teléfono e os maiores tamén se atenden presencialmente, fan un cribado dos que deben ser presencial ou por teléfono, que todo está protocolizado en todos os sitios.

O Sr. Concelleiro Souto Castiñeira sinala que a consulta de inicio é telefónica e despois de varias chamadas se consegue unha presencial.

A Sr<sup>a</sup>. Concelleira sinala que entendo que está ben por teléfono, e derivan, fan un cribado e o fai un médico.

O Sr. Alcalde sinala que os médicos tamén deben asumir o risco da atención presencial.

O Sr. Concelleiro Penas Corral sinala que perseguimos priorizar a sanidade pública, xa sabemos que hai protocolos, hoxe un e mañá outro, un lío e os médicos en función deses protocolos atenden telefonicamente; a diagnose doutras enfermidades non se está a facer, e os nenos non se atenden presencialmente.

A Sr<sup>a</sup>. Concelleira Fariña Bellón sinala que en Brión se atenden presencialmente.

O Sr. Concelleiro Penas Corral sinala que entendemos que ten que ser presencial, non é responsabilidade dos médicos, é da Xunta de Galicia porque leva coa política de recortes desde hai anos e fan aos médicos de cabeceira rastrexadores.

Sometida a votación a moción, dáse o seguinte resultado:

Votos a favor: 9, pertencentes aos grupos municipais do PSG-PSOE (7) e BNG (2).

Votos en contra: 3, pertencentes ao grupo municipal do PP (3).

Abstencións: 0.

Queda aprobada a moción.

## **18º) ROGOS E PREGUNTAS.**

### **18.1. Rogos e preguntas presentadas por escrito polo grupo municipal do BNG:**

#### **Rogos:**

#### **1. MELLORAS NA ZONA DO ALQUEIDÓN.**

A aldea do Alqueidón necesita melloras para incrementar a seguridade e a comodidade tanto a pé como en coche.

Solicitamos a execución urxente das seguintes actuacións:

- Mellora da iluminación da rúa de Santiago na ponte sobre o río Pego.
- A remodelación do entronque desta rúa coa AC304 para evitar perigos neste cruzamento.
- Tamén é necesario arranxar o pavimento en xeral e especialmente na media rotonda da unión da rúa de Santiago coa avenida Vicente Ramos.

A Sr<sup>a</sup>. Concelleira Cebal Gómez sinala que nestes momentos estamos recibindo novas solicitudes de obras nesa zona polo que en breve será urbanizada; respecto da remodelación esa estrada depende da Xunta, podemos pedirlle que o mellore pero nós non podemos arranxar nada aí, e respecto da media rotonda o mesmo, é cousa da Xunta, podemos solicitalo á mesma para que fagan os traballos necesarios.

O Sr. Alcalde sinala que respecto da cesión do tramo de estrada ao concello llo pedimos hoxe novamente por carta, por terceira vez, a ver se nos reciben e ceden como en Ames, a ver se nos contestan.

#### **2. MELLORAS NA ALDEA DO CASAL.**

A aldea do Casal, especialmente a parte interior da mesma, presenta moitas deficiencias de iluminación e mantemento xeral. Isto provoca queixas de veciños e veciñas e tamén de usuarias da vivenda turística que hai na aldea.

Solicitamos que, sen dilacións, se mellore o acondicionamento da aldea do Casal, especialmente a iluminación.

A Sr<sup>a</sup>. Concelleira Cebal Gómez sinala que en agosto a brigada de obras estivo arranxando aquilo, pódese ver o da luz avisando á empresa.

#### **3. RECUPERACIÓN DAS ACTIVIDADES DIRIXIDAS AOS MAIORES.**

A pandemia que estamos a sufrir e a declaración do estado de alarma levaron no mes de marzo á suspensión das actividades organizadas polo Concello. No mes de setembro o Concello anunciou que non se retornarían as actividades cando menos até xaneiro de 2021, tanto as dirixidas a nenos e nenas como as dirixidas ás persoas maiores.

Solicitamos que, sempre adaptándose á situación sanitaria e adoptando as medidas necesarias, se retomen canto antes as actividades dirixidas aos maiores, actividades que teñen moito de saúde preventiva para persoas que viron reducidas a cero as demais actividades sociais e para quen estar meses sen os estímulos que constituían estas actividades pode implicar unha merma das súas capacidades dificilmente recuperables.

A Sr<sup>a</sup>. Concelleira Cebral Gómez sinala que afectou a 24 actividades como exercicio de responsabilidade, se trata dun mesmo espazo para moitas actividades e agora mesmo non se pode facer de xeito seguro, hai protocolos que hai que seguir que dificultan a posta en marcha neste momento; puxemos o 1 de xaneiro como data de referencia aínda que isto vai a peor, agora mesmo non é seguro nin responsable, nós tomamos a decisión logo da valoración realizada polos técnicos.

O Sr. Souto Castiñeira sinala que se trata de priorizar ás persoas maiores.

A Sr<sup>a</sup>. Concelleira sinala que eu estou de acordo con iso, pero un maior non vai só a unha actividade, mestúranse, e non nos parece o mellor para eles por non ser seguro.

#### 4. ACTIVIDADES DE CONCILIACIÓN PARA O NADAL.

É sabido que a conciliación laboral e familiar é unha das maiores preocupacións actuais das familias con nenos e nenas pequenas, que por fortuna non son poucas no noso Concello. A situación sanitaria actual non fai máis que aumentar esta problemática.

Solicitamos do Concello o deseño dun programa de conciliación que dea resposta ás familias con estas necesidades, con horarios que verdadeiramente sexan útiles ás familias e actividades lúdicas e variadas para a rapazada durante as vacacións do Nadal, obviamente adaptadas ás condicións sanitarias do momento.

A Sr<sup>a</sup>. Concelleira Cebral Gómez sinala que todos os anos se fan, están estudándose pendentes dos novos protocolos que van saíndo, queremos telas por suposto, e seguirán a liña de todos os anos en función da evolución da situación.

O Sr. Souto Castiñeira sinala que os horarios realmente sexan de conciliación.

A Sr<sup>a</sup>. Concelleira sinala que serán principalmente en horario de mañá porque fixemos unha pola tarde e se apuntou moi pouca xente, o horario de mañá é o máis demandado.

#### 18.2. Rogos e preguntas presentadas por escrito polo grupo municipal do PP:

##### Rogos:

Solicitamos ao Concello que na medida do posible se teñan en consideración as seguintes cuestións e se comunique a este grupo municipal as solucións adoptadas sobre as mesmas:

1. Ver a posibilidade de axudar ao comercio local e aos locais de restauración do concello dotándoos dun kit ou medidas de desinfección e prevención contra o Covid tal como fixeron outros concellos da comarca. Considerámolo moi necesario xa que a previsión é de que a pandemia non vai desaparecer tan axiña e así poderíase axudar aos locais a sufragar parte das perdas económicas e por outro lado facelos mais seguros sanitariamente tanto para os propios comerciantes como para os usuarios dos mesmos. (exemplos fotografías 1 e 2).

A Sr<sup>a</sup>. Concelleira Cebral Gómez sinala que agradecemos a idea, parécenos boa, estamos pendentes de que a Deputación confirme a adhesión ao PEL Reactiva, que son 95.000 euros, dos que a Deputación achega o 80% e o concello o 20%, é para autónomos e Pemes con cese de actividade, con diminución de ingresos, ou que tiveran que acollerse a ERTES para

gastos desde o 1 de marzo, de alugueres, seguros, subministros sanitarios, etc, e acolléndonos a este plan démoslle solución.

O Sr. Concelleiro Penas Corral sinala que estaría ben que a Xunta achegara algo tamén a este plan.

O Sr. Alcalde sinala que hai que guiarse por unhas bases porque senón sería unha loucura tramitar axudas individuais en función de como estean os negocios.

**2.** Necesidade e ver a posibilidade de sinalización da entrada á senda que conduce ao "Pozo Negro" situado na parroquia de Ons xa que non existe ningunha e tratándose dun enclave moi visitado non se atopa facilmente a entrada a mesma. Tamén se solicita que se realicen limpeza máis a miúdo da zona.

A Sr<sup>a</sup>. Concelleira Cebal Gómez sinala que estamos a facelo

**3.** Necesidade de limpeza da ruta "Muiños e Cruceiros de Viceso" na parroquia de Viceso. A ruta son aproximadamente uns 7 km que agora mesmo, segundo as fotografías que achegamos número 3 a 17 pódese ver o estado de abandono, sendo moi complicado seguir a mesma.

A Sr<sup>a</sup>. Concelleira Cebal Gómez sinala que cada ano límpanse, comezouse en verán e retrasouse pola pandemia, comezouse coa do río Sar e se seguirá con todas as rutas, entendo que teñen que estar limpas e acondicionadas.

O Sr. Alcalde sinala que estamos con iso, na medida do posible irán acondicionándose.

**4.** Pola necesidade de conciliar a nosa vida laboral coa asistencia aos plenos e poder así asistir os veciños do Concello solicitamos o cambio para as tardes, cousa que nos nosos concellos veciños como Ames, A Baña e Negreira xa acontece.

O Sr. Alcalde sinala que isto xa se debateu anteriormente, plantexámolo e no noso grupo é moito máis difícil conciliar pola tarde que pola mañá, un horario para todos non o íamos ter nunca, e polas tardes obrigaría a asistir mínimo a catro traballadores e nós estamos en política voluntariamente; a ningún lle valería unha hora, non sei cal é a hora, porque eu por exemplo ás 8 da tarde non podería, cada un ten os seus problemas e vidas, cambiar algo que leva moito tempo non ten sentido e por outra banda por exemplo os da parte de arriba será a hora de muxir as vacas.

O Sr. Concelleiro Carballo García sinala que nós falamos de ver a posibilidade a longo prazo de establecer outra.

O Sr. Concelleiro Penas Corral sinala que a hora é aquela que lle vaia ben aos cidadáns, para darlle a oportunidade de vir.

O Sr. Alcalde sinala que a hora que fora non vai vir ben a todos, iso é imposible, e por outra banda os órganos de goberno, tanto xunta de goberno local como comisións informativas sempre se fan ás 13 horas.

**5.** O pasado mes de setembro, unha empresa madeireira estivo cortando madeira na parroquia de Luaña, e parte dela caeu sobre uns carballos centenarios da leira colindante causando danos no camiño que accede á aldea de Tourís. (xúntanse fotografías do estado do mesmo entre os números 18 e 25). Solicitamos que dende o concello se estude a posibilidade de emprender algunha acción contra a citada madeireira polos danos ocasionados.

A Sr<sup>a</sup>. Concelleira Cebal Gómez sinala que xa se viu pola policía local e o madeireiro comprometeuse a limpar o camiño e deixalo ben cando puidese e nunca houbo problemas con este madeireiro.



O Sr. Alcalde sinala que cando quitan madeira estragan estradas, eu cando cheguei propuxen que se lles esixira unha fianza antes de cortar e resulta que noutros concellos que o teñen resulta que os madeiros lle aumentan os gastos aos veciños e ao final se regula contra os veciños, porque os madeiros aumentan o prezo; nós lle enviamos á policía local e se non quedan ben, en casos excepcionais, enviamos á brigada.

O Sr. Alcalde declara rematado o acto, e a sesión foi levantada sendo as catorce horas e vinte e cinco minutos, procedéndose a redactar a acta, de todo o cal eu, como secretario, dou fe.

O alcalde  
Vº e Prace

O secretario

Pablo Lago Sanmartín

Javier Nieves González